

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 23 de febreiro de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro xoves, día 23 de febreiro de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

*Declaración institucional

Central-Actas

1.-Aprobación das actas plenarias seguintes: extraordinaria nº 1/06, do 9 de xaneiro e ordinaria nº 2/06, do 26 de xaneiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 225 á nº 1.524, de 2006.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

3.-Dar conta da liquidación definitiva do exercicio 2005 aos concellos usuarios do Servizo de Recadación.

4.-Dar conta da liquidación do orzamento provincial do exercicio 2005.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

5.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2006, 1ª fase, integrado polos proxectos:

a.-Complementario nº 1 do proxecto modificado de acondicionamento e mellora da estrada de San Lourenzo (Campus Sur de Santiago de Compostela).

b.-Ampliación e mellora do trazado da E.P. 7601 do PK. 5.350 ao 9.840 da Cruz de Lamestra a San Sadurniño.

6.-Aprobación do proxecto reformado do modificado de acondicionamento e mellora da estrada de San Lourenzo (Campus Sur de Santiago de Compostela).

7.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2006, 2ª fase.punto7

8.-Aprobación técnica e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación dos proxectos incluídos na quinta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

9.-Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación da obra incluída no proxecto de travesía na E.P. 0810 de Guiliade a Guísamo, PK 0.97 a 1.67.

10.-Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación da obra incluída no proxecto de ampliación e mellora do trazado na E.P. 5404 do PK. 6.500 ao final da Xubia á Praia da Frouxeira (Valdoviño).

11.-Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación da obra incluída no proxecto de ampliación e mellora do trazado na E.P. 8401 do PK. 5.640 ao 11.340 da Tablilla ao Agro do Mestre pola Pontepedra (Tordoia).

12.-Ratificación da solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación da obra incluída no proxecto da obra de ampliación e mellora do trazado da E.P. 8401 do PK. 11.340 ao 14.740 da Tablilla ao Agro do Mestre pola Pontepedra (Tordoia e Trazo).

13.-Aprobación técnica da 4ª relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 (incluído no Programa de investimentos en vías provinciais 2006-2008) e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación das obras incluídas nos proxectos do devandito plan.

Cooperación e Asistencia a Municipios

14.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de rede viaria local, anualidade 2006 e do seu Plan complementario.

15.-Aprobación da primeira fase da anualidade 2006 do Programa operativo local 2000-2006 e do seu Plan complementario.

16.-Aprobación da solicitude de subvención ao Ministerio de Administracións públicas dentro da liña de proxectos de modernización administrativa local 2006.

17.-Aprobación das Bases reguladoras do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

18.-Formalización dun convenio para financiar o proxecto básico de construción do edificio Centro de Recursos e Servizos Integrais.

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

19.-Convenio co Concello de Santiago de Compostela e Caixa Galicia referente á cesión de uso do local destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil.

Persoal e Réxime Interior

20.-Aprobación definitiva do Plan de emprego (2006-2009), cadro de persoal e relación de postos de traballo 2006.

21.-Aprobación das funcións do persoal da Imprenta provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 23 DE FEBREIRO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 23 de febreiro de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA BNG

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de comezar o debate da orde do día, pásolle a palabra ao secretario xeral para que lea unha declaración institucional asinada polos tres grupos presentes nesta deputación.

Sr. Secretario

Coincidindo co 25 aniversario do 23 F, os grupos políticos da Deputación da Coruña desexan salientar os valores de democracia e liberdade recollidos na Constitución de 1978, froito do consenso da clase política e da xenerosidade do pobo español.

A intentona golpista do 23 F quixo dar ao traste cunha democracia emerxente, coa liberdade e coa esperanza dos españois. Hoxe, 25 anos despois, non só condenamos aqueles feitos que pretenderon arrebatarnos a nosa liberdade, senón calquera outro intento dos que en calquera tempo ou lugar pretenden impor os seus propósitos totalitarios por medio do terror e da violencia, pois no exercicio da acción política democrática non existen atallos.

A resposta da sociedade, dos seus lexítimos representantes nas institucións públicas, constituíu o mellor piar para a consolidación dos valores democráticos no noso país, que viven a súa máis prolongada etapa de liberdade de toda a súa historia.

Os valores democráticos recollidos na nosa Carta Magna constitúen o mellor legado que todos debemos preservar.

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sr. secretario, esta declaración institucional foi acordada por todos os grupos políticos esta mañá.

Sra. Vázquez Veras

Simplemente, antes de comezar o Pleno, quero deixar constancia da situación que se está a vivir neste momento no territorio do Sáhara, onde están os campamentos saharauís que, como supoño que saberán todos os deputados e deputadas nestas últimas xornadas tiveron unhas chuvias torrenciais que arrasaron practicamente os campamentos. Hai unha chamada de auxilio por parte da Asociación de Amigos do Sáhara en Galicia para que as institucións públicas se pronuncien en apoio solidario a esta situación, e entón eu penso que se non hai ningún problema nos tres grupos políticos que formamos parte da deputación, deixar constancia neste Pleno da nosa inqueda e a nosa solidariedade coa situación que están a vivir neste momento no Sáhara, e cando menos, mostrar a nosa solidariedade inmediatamente despois do Pleno nun apoio a través da asociación, ou ben a través das organizacións que traballan nos campamentos para que a deputación destine unha partida orzamentaria para paliar os danos que padeceron.

Sr. Presidente

Grazas, pero a intervención entraba mellor na quenda de rogos e preguntas. En todo caso, somos conscientes, porque falamos estes días deste tema, e quedamos xa de presentar unha moción, quizais no próximo Pleno, os tres grupos, para dedicar unha parte, ou a totalidade, non sei a cantidade que temos destinada para a solidariedade internacional, para acudir en axuda dos saharauís, creo que ademais é un sentimento que compartimos todos e que falamos antes do inicio desta sesión.

Comezamos entón a orde do día.

**1.-APROBACIÓN DAS ACTAS PLENARIAS SEGUINTE:
EXTRAORDINARIA Nº 1/06, DO 9 DE XANEIRO E ORDINARIA Nº 2/06, DO
26 DE XANEIRO.**

Apróbanse as actas plenarias seguintes: extraordinaria nº 1/06, do 9 de xaneiro e ordinaria nº 2/06, do 26 de xaneiro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA
PRESIDENCIA, DA Nº 225 Á Nº 1.524, DE 2006.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 225 á nº 1.524, de 2006.

**3.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO EXERCICIO 2005 AOS
CONCELLOS USUARIOS DO SERVIZO DE RECADACIÓN.**

A Corporación da conta da liquidación definitiva do exercicio 2005 aos concellos usuarios do servizo de Recadación.

4.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2005.

Dáse conta ao Pleno da liquidación do orzamento provincial do exercicio 2005.

5.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 1ª FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS:

A.-COMPLEMENTARIO Nº 1 DO PROXECTO MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA DE SAN LORENZO (CAMPUS SUR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

B.-AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7601 DO PK. 5.350 AO 9.840 DA CRUZ DE LAMESTRA A SAN SADURNIÑO.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

Simplemente para dicir que desde o punto número 5 até o 19, ambos os dous inclusive, imos votar a favor, porque algúns son puntos de trámite simplemente, outros son continuación xa de proxectos en marcha, xa que logo, repito, do 5 ao 19, ambos os dous inclusive, a favor o grupo popular.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2006-1ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 1.196.752,79 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/611.02 e que se detalla:

CÓDIGO	CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0611100001.0	SANTIAGO DE COMPOSTELA	COMPLEMENTARIO Nº 1 DO PROXECTO MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA DE SAN LORENZO (Campus Sur de Santiago de Compostela)	338.484,28
0611100002.0	SAN SADURNIÑO	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA C.P. 7601 DO PK. 5.350 AO 9.840 DA CRUZ DE LAMESTRA A SAN SADURNIÑO	858.268,51
TOTAL			1.196.752,79

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DO MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA DE SAN LOURENZO (CAMPUS SUR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado de modificado de acondicionamento e mellora da estrada de San Lourenzo (Campus Sur de Santiago de Compostela), Santiago, polo seu orzamento de contrata de 1.693.847,52 euros, que representa un incremento respecto do primitivo de 281.723,69 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *UTE COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A. Y MANCOBRA, S.A.* (ESTRADA DE SAN LOURENZO), co CIF G84028471, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 1.248.026,86 euros, que representa un incremento respecto do primitivo de 207.574, 01 euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 8.302,96 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 49.921,07 euros.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006, 2ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2006, 2ª fase integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 5.700.507,05 euros, con cargo á partida 0401/511B/210.01:

CÓDIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
06.1100.0002.0	GRUPO 1A.- ORTIGUEIRA	225.259,47
06.1100.0003.0	GRUPO 1B.- CARIÑO	56.468,99
06.1100.0004.0	GRUPO 2.- MAÑON, AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	236.423,81
06.1100.0005.0	GRUPO 3.- CEDEIRA, CERDIDO, VALDOVIÑO	215.928,51
06.1100.0006.0	GRUPO 4.- FERROL, NARON	124.947,98
06.1100.0007.0	GRUPO 5.- MOECHE, SAN SADURNIÑO	130.938,89
06.1100.0008.0	GRUPO 6.- ARES, FENE, MUGARDOS, NEDA	158.763,61
06.1100.0009.0	GRUPO 7.- CABAÑAS, MIÑO, PONTEDEUME	66.710,10
06.1100.0010.0	GRUPO 8.- IRIXOA, MONFERO, PADERNE, VILARMAIOR	209.556,87
06.1100.0011.0	GRUPO 9.- OLEIROS E SADA	275.754,05
06.1100.0012.0	GRUPO 10.- CAMBRE E CARRAL	215.287,47

06.1100.0013.0	GRUPO 11.- ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS	233.690,44
06.1100.0014.0	GRUPO 12.- ARANGA, CESURAS, COIRÓS, CURTIS, OZA DOS RÍOS	224.816,38
06.1100.0015.0	GRUPO 13.- BOIMORTO, FRADES, MESÍA, ORDES, OROSO, VILASANTAR	136.326,63
06.1100.0016.0	GRUPO 14.- MELIDE, SANTISO, SOBRADO, TOQUES	129.480,68
06.1100.0017.0	GRUPO 15.- ARZUA, BOQUEIXON, O PINO, TOURO	210.218,36
06.1100.0018.0	GRUPO 16.- ARTEIXO, A CORUÑA, CULLEREDO	292.094,30
06.1100.0019.0	GRUPO 17.- CARBALLO, CERCEDA, A LARACHA	302.799,06
06.1100.0020.0	GRUPO 18.- CABANA DE BERG., CORISTANCO, MALPICA DE BERG., PONTECESO,ZAS	246.700,11
06.1100.0021.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, VIMIANZO	89.071,62
06.1100.0022.0	GRUPO 20.- CARNOTA, CEE, CORCUBION, DUMBRIA, MAZARICOS	104.644,37
06.1100.0023.0	GRUPO 21.- AMES, A BAÑA, NEGREIRA, VAL DO DUBRA	178.517,67
06.1100.0024.0	GRUPO 22.- ORDES, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TORDOIA, TRAZO, VAL DO DUBRA	143.958,82
06.1100.0025.0	GRUPO 23.- MAZARICOS, MUROS, OUTES	195.033,62
06.1100.0026.0	GRUPO 24.- LOUSAME, NOIA	331.253,57
06.1100.0027.0	GRUPO 25.- BRION, DODRO, PADRON, ROIS	131.656,53
06.1100.0028.0	GRUPO 26.- AMES, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VEDRA	203.914,43
06.1100.0029.0	GRUPO 27.- BOIRO, RIANXO	106.188,89
06.1100.0030.0	GRUPO 28.- A POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIBEIRA	188.709,96
06.1100.0031.0	GRUPO 29.- REDE VIARIA DO POLÍGONO DO SABÓN	172.059,19
06.1100.0032.0	GRUPO 35.- E.P. 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	103.386,96
06.1100.0033.0	GRUPO 36.- E.P. 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRIA	59.945,71
TOTAL.....		5.700.507,05

2.- Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

8.-APROBACIÓN TÉCNICA E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DOS PROXECTOS INCLUIDOS NA QUINTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a quinta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co Programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005, a citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e a súa aprobación definitiva.

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMON.(PREVISION PARA EXPROPIACIÓNS)
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 DO PK. 7,850 AO 11,200 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA (TEO)	1.263.158,80	557.046,54
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK. 3,020 AO 5,300 (A CORUÑA)	901.190,38	81.015,98
AMPLIACIÓN PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERANS, PK. 0,000 AO 6,100 (Porto do Son)	1.413.895,28	236.754,97
VARIANTE QUINTANS, E.P. 7401 URDILDE A ANTEQUERA (ROIS)	1.607.708,96	286.520,00
AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 8202 GALANAS A CACHEIRAS, PK. 0,000 AO 4,490 (TEO)	1.109.009,52	209.774,64
CONSTRUCCIÓN DE VARIANTE ENTRE O PK. 1,750 E O 2,450 DA E.P. 9302 DE CAXADAS A BAIÑAS (VIMIANZO)	359.596,68	110.445,40
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 5903 DE ORDES A PORTOMOURO, PK. 8,460 AO 17,040 (TRAZO)	3.024.282,11	1.109.808,06
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 4201 DE PORTOBRAVO A CONFURCO PK. 2,500 AO 7,700 (LOUSAME)	1.615.231,95	913.217,58
ENSANCHE E MELLORA DA E.P. 7802 DE ROXOS A REBORIDO (SANTIAGO)	1.606.591,27	291.447,65
TOTAL	12.900.664,95	3.796.030,82

2.- Expor ao público os proxectos da quinta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitalle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como:

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS DE URXENCIA
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0205 DO PK. 7,850 AO 11,200 DE BERTAMIRANS Á RAMALLOSA (TEO)	A renovación desta estrada (actualmente tan só resta por executar a ampliación do tramo obxecto do presente proxecto) suporá unha importante mellora bastante saturada de tráfico debido á proximidade á cidade compostelá, os numerosos movementos pendulares realizados a diario por motivos de traballo pola poboación que estableceu a súa residencia

	<p>nestes municipios pero mantén o seu traballo na cidade de Santiago. O trazado é bastante sinuoso atravesando varios núcleos de poboación das parroquias de Luou e Calo.</p> <p>O tramo comeza no pk. 7,850 unha vez excedida a A9 por medio dun paso superior (deseñáronse cuñas de cambio de velocidade adaptándose ás recomendacións da Instrución 31-IC do trazado. desde a N550 até este punto a estrada ten carrís de 3,5 m. vía lenta de subida e beiravías dun metro de anchura, nun tramo de novo trazado que finaliza á entrada do paso superior sobre a A9. A partir de aí a estrada estréitase, cun ancho apenas superior aos 5 metros, cun trazado moi sinuoso con curvas de pequeno radio, e atravesando varios núcleos de poboación.</p> <p>Nos pk. 1,000 e 1,480 proxéctase unha local de trazado co obxecto de eliminar o tramo angosto entre vivendas que supón a travesía de Espasande. Superado o tramo da variante transcorre sobre zona semiurbana na que se procederá a aumentar o ancho da vía e dispórase de beirarrúas para o acceso a vivendas nas marxes da vía</p>
<p>ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512 O BIRLOQUE-ARTEIXO PK. 3,020 AL 5,300 (A CORUÑA)</p>	<p>O tramo consta de dúas zonas netamente diferenciadas e obxecto de actuacións moi diferentes:</p> <p>Zona urbana, estando a estrada flanqueada por edificacións sen case solución de discontinuidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Beirarrúas en ambos lados (as actuais existentes nalgúns zonas son de dimensións reducidas para a seguridade dos peóns) - Ampliación de plataforma a 10,9 m. (dous carrís de 3,5 e beirarrúas de 1,95) - Rede de recolleita de pluviais - Renovación do alumado público. <p>Nesta zona mantense a rasante actual</p> <p>O resto da actuación ten o típico carácter de obras de ensanche e mellora:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ampliación da plataforma a 9 metros (2 carrís de 3,5 m. e dúas beiravías de 1 m.) - A ampliación da plataforma realizarase preferentemente na zona de desmonte para evitar a invasión co recheo. <p>O entronque coa estrada de acceso ao cemiterio de Feáns require unha actuación específica que mellore a seguridade viaria nesta intersección. Existen varias zonas con trazado sinuoso e perigos que poden ser obxecto de substancial mellora con lixeiras rectificacións de trazado en planta e así lograr unhas condicións de seguridade e confort acordes a unha estrada convencional de características similares</p>
<p>AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERANS, PK. 0,000 AO 6,100 (PORTO DO SON)</p>	<p>O trazado optimizouse reducindo o número de aliñacións, impoñendo curvas simétricas con parámetros de clotoide e acordos acorde con as especificacións do Servizo de Vías e Obras Provinciais. A obra consiste en ensanchar a estrada e mellorar o seu trazado rectificando curvas a un radio superior co fin de aumentar a capacidade ao tempo de conseguir un confort e seguridade viaria na conducción, proxectándose variantes na estrada naquelas zonas que presentan aliñacións insuficientes.</p> <p>Mantense o eixe existente e realízase a ampliación por ambos lados e adáptase a rasante á plataforma existente.</p> <p>A estrada parte da C550 e atravesa distintos núcleos de poboación ao longo do seu percorrido.</p> <p>O alzado caracterízase por unha sucesión de cambios de rasante a suprimir ou suavizar, curvas perigosas con pequeno radio, vivendas pegadas á estrada e por un ancho de calzada insuficiente para as necesidades dos vehículos e dos peóns.</p>
<p>VARIANTE QUINTANS, C.P. 7401 URDILDE A ANTEQUEIRA (ROIS)</p>	<p>As características físicas, técnicas e xeotécnicas do terreo entre os pk. 0,700 a 3,300 xa que existen zonas de labradío, prados, pantanosas, inundábeis polo rego de Quintáns.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O estudo da mellora viuse condicionado a discorrer o tramo entre os regos de Quintáns e Casteláns e a media ladeira nunha zona eminentemente montañosa e de forte pendente, polo que se tiveron en conta condicionantes como a separación do regato, estudo do desmonte para evitar grandes noiros, presenza de camiños e pistas, pequenas depresións e valgas e o paso obrigado por unha serie de puntos para salvar a orografía do terreo. <p>Hai que ter en conta así mesmo a existencia de curvas perigosas con pequeno radio, o estado do firme, e o ancho da calzada con dimensións inferiores ás necesidades de peóns e vehículos</p>
<p>AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 8202 GALANAS A CACHEIRAS, PK. 0,000 AO 4,490 (TEO)</p>	<p>A actual estrada ten unha lonxitude aproximada de 4,490 km. e que discorre por unha zona de relevo suave, presenta varias zonas con curvas de radio moi pequeno (zona de Adrán e da Igrexa) e cunha plataforma de 5,50 m. un ancho de calzada de 5 m. e 0,5 de beiravía (no entanto existen puntos máis estreitos como pola Igrexa)</p> <p>O trazado proxectado realizouse adaptándose o máis posíbel ao actual (agás as variantes nos pk. 0,00 ao 0,40, 2,40 ao 2,60 e 3,53 a 4,04 e as rectificacións de curvas e axustes de trazado).</p> <p>A primeira variante vén determinada polo enlace da EP. 8202 coa rotonda que se vai executar na N550 dentro das obras da autovía Santiago- Brión; as outras variantes veñen determinadas para salvar dúas zonas con trazado moi deficiente e perigoso. No Pk. 0,420 proxectouse unha rotonda co fin de ordenar o tráfico, punto de escasa visibilidade no que conflúen varias estradas.</p>
<p>CONSTRUCCIÓN DE VARIANTE ENTRE O PK. 1,750 E O 2,450 DA E.P. 9302 DE CAXADAS A BAIÑAS (VIMIÁNZO)</p>	<p>A estrada comunica as localidades de Caxadas a Baíñas e entronca coa C552 á altura de Caxadas. A construción desta variante beneficiará ao núcleo de poboación de Cerván, que grazas á variante non será atravesado pola gran cantidade de vehículos pesados que transitan pola zona na actualidade debido á presenza nela dunha canteira de intensa actividade. As dimensións da calzada son moi reducidas, non poden circular ao mesmo tempo un vehículo lixeiro cun pesado, e ten que parar un para que circule o outro. Ante tal</p>

situación e debido ás casas que se sitúan a ambas marxes da estrada no lugar en cuestión, a única solución factíbel é a construción dunha variante.

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS DE URXENCIA
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 5903 DE ORDES A PORTOMOURO, PK. 8,460 AO 17,040 (TRAZO)	<ul style="list-style-type: none"> - A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora dos accesos ao municipios de Trazo e toda a zona suroeste da comarca de Ordes. O tramo actual é bastante sinuoso e atravesa varios núcleos de poboación das parroquias de Campo e Xavestre. - O tramo considerado ten un ancho de calzada de 6 metros sen beiravías e alcázanse radios mínimos da orde de 30 metros, dimensións inferiores ás necesidades do tráfico e os peóns. - Deseñáronse cuñas de cambios de velocidade nas interseccións. Proxéctase unha variante para eliminar o tramo angosto entre vivendas que supón a travesías de Víaño Grande. - Nas zonas de travesías proxéctanse beirarrúas para mellorar a seguridade viaria e dar acceso ás vivendas pegadas á estrada. Proxéctase unha glorieta ao pasar Agro do Mestre no pk. 8,300. - Con respecto ao alzado intentouse respectar o existente e nos tramos onde non se prevé a construción de variantes proxectouse unha nova rasante a unha cota levemente superior á actual
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 4201 DE PORTOBRAVO A CONFURCO PK. 2,500 AO 7,700 (LOUSAME)	<ul style="list-style-type: none"> - A renovación desta estrada suporá unha importante mellora dos núcleos de Portobravo e Beluso ademais de supoñer unha alternativa para a comunicación entre Lousame e Noia. O tramo actual é bastante sinuoso e atravesa varios núcleos de poboación de Aldea Grande, Lousame e Chave. O tramo considerado ten un ancho de calzada de 5 m. sen beiravías e alcázanse radios mínimos da orde de 25 m., dimensións inferiores ás necesidades do tráfico e os peóns. O trazado cinguirase na medida do posíbel ao existente, aínda que cabe destacar que debido aos reducidos radios e a sinuosidade do trazado actual faise necesario deseñar numerosas variantes. O trazado estará tamén condicionado polos asentamentos de poboación nas marxes da vía nas que se manterán as condicións do trazado actual. - Con respecto ao alzado intentouse respectar o existente e nos tramos onde non se prevé a construción de variantes proxectouse unha nova rasante a unha cota levemente superior á actual
ENSANCHE E MELLORA DA E.P. 7802 DE ROXOS A REBORIDO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	<ul style="list-style-type: none"> - O tramo inicial que discorre entre os Pk. 0,000 ao 0,400, atópase dentro da zona afectada por unha actuación de tipo urbanístico, polo que esta zona exclúese do alcance do proxecto pois verase acondicionada nas obras do devandito plan. A existencia de numerosas edificacións próximas á estrada conforma un primeiro tramo urbano desde o pk. 0,400 ao 1,000; a partir do antedito pk. até o 2,300 a menor densidade de vivendas define un tramo semiurbano. o alzado caracterízase por unha sucesión de cambios de rasante e suprimir ou suavizar e por un ancho de calzada insuficiente para as necesidades dos vehículos e dos peóns. - A ponte existente sobre o río Roxos é necesario ampliála para encaixar a plataforma proxectada. - A orografía accidentada do terreo a partir do pk. 2,300 determina o trazado sinuoso actual tanto en planta como alzado e xustifica a introdución de dúas variantes para a súa mellora, entre os pk. 2,700 e 2,800 e a maior entidade desde o pk. 3,300 ao final. nesta zona hai importantes desmontes na marxe esquerda, curvas de radios reducidos e grandes irregularidades.

4.- Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobados se estas non se producen.”

9.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DA OBRA INCLÚIDA NO PROXECTO DE TRAVESÍA NA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO, PK 0.97 A 1.67.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por executada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto travesía na E.P. 0810 de Guiliade a Guísamo Pk. 0,97 a 1,67 (0511300003.0) (Código de proxectos de gastos 2005P0005)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados. Suscítanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación (bens afectados, valoracións de danos pola execución do proxecto, cualificación de solo e polo que respecta á modificación de trazado desestímase por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellor adecuación do trazado que figura no proxecto aprobado por esta Deputación provincial).

3.- Ratificar a solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra:

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada
- O estado do firme da estrada
- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos
- A intensidade media do tráfico
- Proporcionarlles maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos
- Na actualidade as augas pluviais drénanse a través de cunetas sen revestir, producíndose o desaugadoiro cara ao lavadoiro na aldea de Outeiro e causando bastantes problemas debido á gran cantidade de auga que se ha evacuar, chegando a producir en épocas de choivas riadas de auga a gran velocidade.
- Na actualidade no tramo de beirarrúas existente hai tubaxe e pozos de saneamento que non están operativos.
- O establecemento de bocas de incendio na marxe dereita conectadas á rede de abastecemento, etc.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

10.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 5404 DO PK. 6.500 AO FINAL DA XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA (VALDOVIÑO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por executada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 5404 do Pk. 6,500 ao final de Xubia á Praia da Frouxeira (Valdoviño)

2.- Ratificar a solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra tales como:

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada
- O estado do firme da estrada
- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos
- A intensidade media do tráfico
- Proporcionarlles maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo iso con o fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

11.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 8401 DO PK. 5.640 AO 11.340 DA TABLILLA AO AGRO DO MESTRE POLA PONTEPEDRA (TORDOIA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por executada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 8401 do Pk. 5,640 ao 11,340 de Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra (Tordoia)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Suscítanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do

expediente de expropiación (bens e dereitos afectados, valoracións de danos pola execución do proxecto e polo que respecta á modificación do proxecto desestímase por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellora da adecuación do trazado que figura no proxecto aprobado por esta Deputación provincial).

3.- Ratificar a solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra tales como:

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada
- O estado do firme da estrada
- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos
- A intensidade media do tráfico
- Proporcionarlles maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

12.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PROXECTO DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 8401 DO PK. 11.340 AO 14.740 DA TABLILLA AO AGRO DO MESTRE POLA PONTEPEDRA (TORDOIA E TRAZO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Dar por executada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 8401 do Pk. 11,340 ao 14,740 de Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra (Tordoia e Trazo)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Suscítanse cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación (bens e dereitos afectados, valoracións de danos pola

execución do proxecto e polo que respecta á modificación do proxecto desestímase por ser extemporánea e ademais porque tecnicamente queda xustificada a mellora da adecuación do trazado que figura no proxecto aprobado por esta Deputación provincial).

3.- Ratificar a solicitude de declaración de urxente ocupación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra tales como:

- A existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada
- O estado do firme da estrada
- O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos
- A intensidade media do tráfico
- Proporcionarlles maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana”

13.- APROBACIÓN TÉCNICA DA 4ª RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008 (INCLUÍDO NO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008) E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NOS PROXECTOS DO DEVANDITO PLAN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán a cuarta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008, de acordo co Programa de investimentos de vías provinciais 2006-2008 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2005. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMON. (PREVISION PARA EXPROPIACIÓN)
Proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado na E.P. 8203 Vedra á Ponte de Santa Lucía do Pk. 8.130 ao 10.050 (Santiago de Compostela)	885.586,98	48.900,8
Proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado na E.P. 8203 Vedra á Ponte de Santa Lucía do Pk. 4.700 ao 8.130 (Vedra)	789.887,48	169.409,76

TOTAL	1.675.474,46	218.310,56
-------	--------------	------------

2.- Expor ao público os proxectos da cuarta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008 mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

TÍTULO DO PROXECTO	RAZÓNS DE URXENCIA
PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. 8203 VEDRA Á PONTE DE SANTA LUCIA DO PK. 8,130 AO 10,050 (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	<p>A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora bastante saturada de tráfico debido á proximidade á cidade compostelá, os numerosos movementos pendulares realizados a diario por motivos de traballo pola poboación que estableceu a súa residencia nestes municipios pero mantén o seu traballo na cidade de Santiago. Así mesmo construíuse a autoestrada de Santiago-Lalín- leste que obrigou ao cruzamento a distinto nivel, mediante paso elevado da E.P. 8203. Destácase a modificación do trazado que supón a variante entre o tramo pk. 7,740 a 8,540 e até o 8,123 executase noutro proxecto. A solución adoptada consiste en aumentar o ancho da calzada (dous carrís de 3,5 m. e beiravías de 1 m.), mellorando o trazado e a sinalización para aumentar a capacidade do tráfico e a seguridade viaria en condicións de servizo aceptábeis (maior velocidade específica)</p> <p>Dado que o terreo é ondulado conséguense pendentes por baixo de 6,5% e introducíronse peraltes para mellorar a seguridade nas curvas, sendo posíbel manter en tramos de maior visibilidade específicas da orde de 70 km/h. Foi necesario introducir dúas variantes (pk 6,060 e 7,085) en zonas de valgas que teñen actualmente radios moi pequenos. A lonxitude acúrtase en 800 metros. Consideráronse as beirarrúas na travesía de San Xulián de Sales (340 m2 de beirarrúa e 340 ml beirado)</p>
PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. 8203 VEDRA Á PONTE DE SANTA LUCIA DO PK. 4,700 AO 8,130 (VEDRA)	<p>A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora bastante saturada de tráfico debido á proximidade á cidade compostelá, os numerosos movementos pendulares realizados a diario por motivos de traballo pola poboación que estableceu a súa residencia nestes municipios pero mantén o seu traballo na cidade de Santiago. Así mesmo construíuse a autoestrada de Santiago-Lalín-leste que obrigou ao cruzamento a distinto nivel, mediante paso elevado da E.P. 8203. Destácase a modificación do trazado que supón a variante entre o tramo pk. 5,820 a 6,622 e 7,740 a 8,540, neste proxecto até o 8,123.</p> <p>A solución adoptada consiste en aumentar o ancho da calzada (dous carrís de 3,5 m. e beiravías de 1 m.), mellorando o trazado e a sinalización para aumentar a capacidade do tráfico e a seguridade viaria en condicións de servizo aceptábeis (maior velocidade específica)</p> <p>Dado que o terreo é ondulado conséguense pendentes por baixo de 6,5% e introducíronse peraltes para mellorar a seguridade nas curvas, sendo posíbel manter en tramos de maior visibilidade específicas da orde de 70 km/h. Foi necesario introducir dúas variantes (pk 6060 e 7085) en zonas de valgas que teñen actualmente radios moi pequenos. A lonxitude acúrtase en 800 metros. Consideráronse as beirarrúas na travesía de San Xulián de Sales (340 m2 de beirarrúa e 340 ml beirado)</p>

4.- Someter a información pública os referidos expedientes de expropiación mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de

quinze días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

14.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE REDE VIARIA LOCAL, ANUALIDADE 2006 E DO SEU PLAN COMPLEMENTARIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

" Vistos os proxectos e demais documentación relativos á anualidade 2006 do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal que foron solicitados e remitidos polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en agosto de 2005.

Vistos os proxectos e demais documentación das obras que se han incluír no apartado de RVL.

E tendo en conta o establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais, así como a Orde do 31 de xaneiro de 2006 de desenvolvemento e aplicación do devandito real decreto.

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e de Rede viaria local do ano 2006, sendo o resumo de cifras globais das seccións de POS e RVL é o que se indica a continuación, sendo a relación de obras a que figura nos anexos [I](#), [II](#), III e IV a este acordo.

		POS + RVL 2006							
		FINANCIAMENTO DO PLAN ELABORADO							
SECCIÓN	ADMÓN.	CONTRATANTE	PARTIDA	MAP	DEP. PREST.	DEP.-F. P.	TOTAL PRESUPOSTARIO	CONCELLO	TOTAL
POS	Conc.		0501 / 911A / 76201	3.327.684,00	9.500.000,00	9.270.972,58	22.098.656,58	2.968.719,60	25.067.376,18
RVL	Deputación		0501 / 511B / 60101	174.280,11	0,00	1.524.944,81	1.699.224,92	0,00	1.699.224,92
			TOTAIS	3.501.964,11	9.500.000	10.795.917,39	23.797.881,50	2.968.719,60	26.766.601,10

2.- Aprobar o Plan complementario ao presente plan, no que se inclúen as obras complementarias ao apartado de obras e servizos de competencia municipal ([anexo III](#)), e ao apartado de rede viaria local ([anexo IV](#)). Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo aos remanentes que se puideran orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poidan aprobar, de forma que queden condicionadas a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

3.- Aprobar os correspondentes proxectos.

4.- A contratación das obras novas solicitadas polos concellos para a súa inclusión no POS 2006 realizarana os respectivos concellos, de acordo coas instrución que figuran no [anexo V](#).

A contratación das obras incluídas na sección de RVL realizarase pola Deputación.

5.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

7.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

8.- Remitirlle o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de Administración local de Galicia.

9.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o Plan.”

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	ESTADO	DEP.PRÉSTAMO	DEP.FOND OS P.	CONCE.	TOTAL
ABEGONDO	06. 2100. 0001. 0.	IL.PUBL. MABEGONDO-VIZOÑO E OU.	7.378,57	21.064,63	20.556,80	3.000,00	52.000,00
	06. 2100. 0002. 0.	AMPL.ESTR.VILAR-CRENDES	8.432,65	24.073,86	23.493,49	3.000,00	59.000,00
	06. 2100. 0003. 0.	REF.CALZADA CM. CABANAS	4.366,91	12.466,82	12.166,27	1.650,00	30.650,00
	06. 2100. 0004. 0.	DOTACIÓN SERVICIOS NO ADRO	5.722,16	16.335,83	15.942,01	2.112,96	40.112,96
	06. 2100. 0005. 0.	CM. SOUTO-LEIRO E OUTROS	10.447,65	29.826,35	29.107,28	4.054,18	73.435,46
		TOTAL	36.347,94	103.767,49	101.265,85	13.817,14	255.198,42
AMES	06. 2100. 0006. 0.	SANEAMIENTO EN AGRON	21.584,55	61.620,42	60.134,86	7.545,00	150.884,83
	06. 2100. 0007. 0.	AMPL. SAN. PONTE NOVA	21.514,80	61.421,27	59.940,51	7.520,00	150.396,58
	06. 2100. 0008. 0.	SAN. QUINTANS-AMEIXENDA	13.476,77	38.474,00	37.546,47	14.483,49	103.980,73
		TOTAL	56.576,12	161.515,69	157.621,84	29.548,49	405.262,14
ARANGA	06. 2100. 0009. 0.	PAV.R/ARANGA-FERVENZAS-VILAR.	8.315,04	23.738,10	23.165,83	2.906,26	58.125,23
	06. 2100. 0010. 0.	PAV.R/VILARRASO	7.573,75	21.621,83	21.100,57	2.647,17	52.943,32
	06. 2100. 0011. 0.	TRAIDA AUGAS CAMBAS-MUNIFER.	6.326,24	18.060,40	17.624,99	2.211,14	44.222,77
	06. 2100. 0012. 0.	PAV.R/CAMBAS-MUNIFERRAL	6.773,81	19.338,15	18.871,94	2.367,57	47.351,47
		TOTAL	28.988,84	82.758,48	80.763,33	10.132,14	202.642,79
ARES	06. 2100. 0013. 0.	ACD. CONTORNO PRAZA IGREXA ARES	6.289,04	17.954,20	17.521,36	18.317,73	60.082,33
	06. 2100. 0014. 0.	ABAST.AUGA NUCLEO PEDROS	6.289,04	17.954,20	17.521,35	18.321,14	60.085,73
	06. 2100. 0015. 0.	PAV.NUCLEO DE REDES	6.289,04	17.954,20	17.521,35	7.609,94	49.374,53
		TOTAL	18.867,12	53.862,60	52.564,06	44.248,81	169.542,59
ARTEIXO	06. 2100. 0016. 0.	BEIR.R/RIA FERROL-NOIA E OU.	7.461,03	21.300,04	20.786,54	6.140,03	55.687,64
	06. 2100. 0017. 0.	BEIR.R/RIA BETANZOS-VIGO E OU.	5.917,20	16.892,64	16.485,39	4.869,54	44.164,77
	06. 2100. 0018. 0.	BEIR.ESTRADA CAION	6.766,11	19.316,14	18.850,47	5.568,14	50.500,86
	06. 2100. 0019. 0.	BEIR.R/CABALOS-RIO MIÑO E OU.	7.342,49	20.961,62	20.456,27	6.042,47	54.802,85
	06. 2100. 0020. 0.	BEIR.VILARRODIS A PONTE E OU.	6.721,66	19.189,25	18.726,63	5.531,57	50.169,11
	06. 2100. 0021. 0.	BEIR.R/MOSQUERA E MEDICO..	7.163,06	20.449,37	19.956,38	5.894,81	53.463,62
	06. 2100. 0022. 0.	BEIR.R/VILARRODIS A CARRIL BICI	11.715,92	33.447,07	32.640,73	9.641,58	87.445,30
	06. 2100. 0023. 0.	BEIR.R/CARBALLO ASTRAY E OU.	7.861,31	22.442,78	21.901,72	6.469,44	58.675,25
	06. 2100. 0024. 0.	BEIR.R/MANUEL PARDO E OU.	7.061,75	20.160,17	19.674,14	5.811,44	52.707,50
		TOTAL	68.010,53	194.159,08	189.478,27	55.969,02	507.616,90
ARZÚA	06. 2100. 0025. 0.	URBZ.GARDERIA MPAL E OUTROS	29.520,83	84.277,20	82.245,44	11.012,75	207.056,22
	06. 2100. 0026. 0.	TRV.FEIRA DO GANDO E OUTROS	21.392,09	61.070,96	59.598,64	7.980,33	150.042,02
		TOTAL	50.912,92	145.348,16	141.844,08	18.993,08	357.098,24
A BAÑA	06. 2100. 0027. 0.	SAN.PAV.FAXIN 1-F TRECE 2-F E OU.	7.412,66	21.161,96	20.651,78	2.590,86	51.817,26

En calquera caso, deberase deixar constancia no expediente dos anuncios publicados, das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido nos art. 152 - 153 de dita norma.

Non se poderá realizar a adxudicación como contrato menor.

3.- SUBMINISTRACIONES: PROCEDIMENTOS E FORMAS DE ADXUDICACIÓN

As subministracións adxudicaranse mediante concurso con procedemento aberto. Tamén se poderán adxudicar mediante poxa con procedemento aberto ou procedemento negociado nos supostos e cos requisitos establecidos no RD legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas.

4.- DIRECCIÓN DAS ACTUACIONES

A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

5.- MODIFICACIONES

As modificacións dos contratos realizaraas o concello de acordo co establecido no RD legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

6.- INCREMENTOS E LIQUIDACIONES

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro concepto, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

7.- DOCUMENTACIÓN SOBRE A ADXUDICACIÓN QUE SE HA PRESENTAR

Unha vez adxudicadas as obras deberáselle remitir a esta deputación a seguinte documentación:

- * Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- * Listaxe de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- * Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de **poxa** deberase remitir a "acta da apertura das plicas".
- * No caso de **concurso** ademais da "acta de apertura das plicas", deberase remitir a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos

pregos. Insístese na necesidade de que se respecten os criterios recollidos nos pregos da deputación.

* No caso do **procedemento negociado sen publicidade**, deberase remitir certificación das ofertas presentadas na que se especifique o importe para cada unha delas e xustificación da publicidade da licitación, mediante a publicación dun anuncio na prensa, ou no seu caso mediante consulta polo menos a tres empresas. Deberase axuntar o informe técnico xustificativo das valoracións aplicadas ás ofertas presentadas.

* No caso de **executalas a propia administración** deberase presentar informe do secretario no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto dos dispostos no artigo 152 do Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, anteriormente citado.

8.- OBSERVACIÓNS DO MAP E DO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

Segundo se lles indicaba na "**circular sobre deficiencias na xestión dos plans**", do 25 de marzo de 1994, xa remitida a ese concello, e tendo en conta as instrucións recibidas do Ministerio para as Administracións Públicas, lémbrense especialmente os seguintes aspectos da contratación:

* Deberanse cumprir os trámites do procedemento de contratación establecidos na lexislación da contratación administrativa.

* A adxudicación das obras co sistema de "melloras de obras" na poxa e no procedemento negociado sen publicidade é ilegal, xa que se encontra á marxe da normativa reguladora da contratación administrativa, e dá lugar á execución de obras non controladas, desvirtuando ademais os obxectivos perseguidos nos plans. Por isto, dita práctica queda expresamente prohibida.

Por outro lado, de acordo co informe do control financeiro da Intervención Territorial da Coruña do Ministerio de Economía e Facenda, relativo ao Plan de obras e servizos dos anos 2000, 2001 e 2002, lémbrese a importancia de corrixir os erros detectados nos expedientes dos concellos analizados que se refiren a deficiencias no procedemento de contratación, rexistros contables e xestión financeira, á execución física das obras, así como a necesidade de que as obras subvencionadas se destinen á finalidade para a que foron executadas.

9.- PRAZOS DA ADXUDICACIÓN

En canto ao prazo para adxudicar as obras, coa finalidade de poder proceder a aplicar os remanentes que se puideran xerar pola adxudicación das obras, os concellos

deberán presentar até o 31 de xullo de 2006, a documentación relativa á contratación antes indicada.

Non obstante no caso de que o concello non poida adxudicar as obras en dito prazo, deberallo comunicar á Deputación indicando o prazo previsto para a adxudicación, xa que de conformidade co establecido no art. 28 do Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, os investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación serán adxudicadas ou acordada a súa execución pola propia administración **antes do 1 de outubro do exercicio correspondente**, salvo os casos excepcionais que deberán comunicárselle a esta deputación para poñer en coñecemento do Ministerio de Administracións Públicas sendo a súa xustificación apreciada por este Ministerio. En todo caso, o prazo prorrogado non poderá ser posterior ao 1 de novembro de dito exercicio.

10.- APLICACIÓN DAS BAIXAS PRODUCIDAS NA CONTRATACIÓN: PLAN COMPLEMENTARIO

O Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais establece no seu art. 15, que os remanentes da subvención do Estado que se produzan na adxudicación das obras poderán ser utilizados no financiamento das obras recollidas no Plan complementario aprobado ao mesmo tempo ca o Plan base.

Para tal efecto, á vista dos datos de adxudicación que remita cada concello e tendo en conta as posibilidades de financiamento da deputación, aprobarase máis adiante un plan adicional no que se incluírán parte das obras previstas no Plan complementario, o que se lle comunicará oportunamente ao concello mediante a remisión dunha circular con instrucións.

11.- EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación. (www.dicoruna.es - Deputación - Impresos oficiais.) Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000,00 €. No caso das subministracións deberase presentar a factura aprobada polo concello e a correspondente acta de recepción.

O modelo de cartel que figura na páxina web desta deputación. (www.dicoruna.es - Deputación - Modelos de carteis de obra) deberase colocar debidamente cuberto, desde o inicio das obras até a súa recepción, o que se acreditará mediante o envío dunha fotografía onde se aprecie a súa colocación, sendo requisito indispensable para que esta deputación transfira ao concello o importe da achega provincial ao plan.

O concello deberá comunicarlle á Deputación a data en que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta Deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para efectos de verificar a correcta execución da obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente "**acta de recepción**" así como a certificación acreditativa da aprobación da certificación final no modelo-tipo que se lle remitirá a ese concello máis adiante.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (*BOE* número 276 do 18 de novembro de 2003), deberase acompañar a certificación estendida polo órgano competente do concello da percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais coa fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actividade subvencionada.

Todas as obras deberán estar rematadas antes do 1 de novembro de 2007, xa que o Plan debe ser obxecto de liquidación no primeiro trimestre do ano 2008.

Excepcionalmente, poderáselle solicitar unha prórroga ao MAP para o seu remate de acordo coas instrucións que se remitirán máis adiante.

12.- CONTROIS FINANCEIROS

Os expedientes municipais de contratación e execución das obras están sometidos á posibilidade de que esta Deputación, o Ministerio de Administracións Públicas ou o Ministerio de Economía e Facenda realicen controis financeiros, coas consecuencias que se poidan derivar, de acordo coas normas de xeral aplicación e concretamente coa Lei 38/2003 xeral de subvencións, o que se lle comunicará ao concello coa suficiente antelación.

15.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2006 DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006 E DO SEU PLAN COMPLEMENTARIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Vistos os escritos remitidos polo Ministerio de Administracións Públicas relativos á elaboración do Programa operativo local obxectivo 1, anualidades 2000-2006, onde se conteñen instrución sobre a súa elaboración así como o plan financeiro para os sete anos da súa vixencia.

Tendo en conta o establecido no RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado os investimentos das entidades locais, así como a Orde do 31 de xaneiro de 2006 de desenvolvemento e aplicación do citado Real decreto.

1.- Aprobar a primeira fase da anualidade 2006 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, FEDER, Deputación e concellos, cuxas cifras globais de financiamento, detalladas por axentes financeiras e medidas de actuación son as seguintes:

	Medida 5.3
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	902.691,00
FEDER	1.267.959,35
DEPUTACIÓN	407.708,09
CONCELLO	135.703,07
TOTAL	2.714.061,51

A Deputación financiará as cantidades que lles correspondan aos concellos.

O importe total de 2.714.061,51€, a que ascende a primeira fase da anualidade 2006 do POL, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60101 do presuposto provincial 2006.

Dado que o importe de financiamento asignado a esta Deputación para financiar a anualidade 2006 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006 ascende a 7.422.727,87€, e o importe das obras que neste momento están correctas e completas ascende a 2.714.061,51€, o presente expediente constitúe só unha primeira fase das actuacións que se han incluír na anualidade 2006 do Programa operativo local. Existe unha diferenza por importe de 4.708.666,36€ que será utilizada para financiar unha segunda fase da anualidade 2006 do Programa operativo local, no marco do Plan complementario aprobado.

2- Aprobar a relación de actuacións que se han incluír na primeira fase da anualidade 2006 do POL que é a que a continuación se indica, co detalle do seu financiamento entre os distintos axentes cofinanciadores.

CONCELLO	CÓDIGO DA OBRA	DENOMINACIÓN DA OBRA	Feder-Local	Feder-MAP	MAP	DEPUT	CONCELLO	PRTO.
BAÑA, A	06.2300.0208.0	COLEC.SAN. VILARNOVO-CANLIS E FAMPOUSA	61.324,70	30.561,28	13.097,69	19.718,74	6.563,28	131.265,69
CABANAS	06.2300.0209.0	EDAR NA VEIGA	48.964,76	24.401,68	10.457,86	15.744,44	5.240,46	104.809,20
CARRAL	06.2300.0210.0	VEHÍCULO PROGRAMA MEDIOAMBIENTAL	38.859,00	19.365,46	8.299,48	12.494,97	4.158,89	83.177,80
CURTIS	06.2300.0211.0	REFORMA NAVE MERCADO DO GANDO	74.728,50	37.241,09	15.960,46	24.028,67	7.997,83	159.956,55
MALPICA	06.2300.0212.0	ABAST.AUGA PARROQUIAS MENS E BARIZO	318.050,19	158.500,89	67.928,95	102.267,86	34.039,36	680.787,25
MAZARICOS	06.2300.0213.0	MELL.INFRAESTRU.ÁREA INDUSTRIAL DE VAL	133.146,30	66.353,70	28.437,30	42.812,70	14.250,00	285.000,00
MESÍA	06.2300.0214.0	BASES DE APOIO SUXEIÇÃO CONTEDORES	55.855,65	27.835,76	11.929,61	17.960,17	5.977,96	119.559,15
OZA DOS RÍOS	06.2300.0215.0	SANEAMENTO EN OZA DOS RÍOS 2-F	221.572,30	110.420,96	47.323,27	71.245,76	23.713,80	474.276,09
PONTES, AS	06.2300.0216.0	PARQUE DO EUME. ACTUACIÓN 3	124.977,24	62.282,64	26.692,56	40.185,97	13.375,71	267.514,12
SANTISO	06.2300.0217.0	ADQUISICIÓN TRACTOR-DESBROZADORA	35.029,20	17.456,86	7.481,51	11.263,51	3.749,00	74.980,08
VEDRA	06.2300.0218.0	AMPL.SAN.SANTA CRUZ DE RIBADULLA	115.733,24	57.675,87	24.718,23	37.213,59	12.386,37	247.727,30
VILARMAIOR	06.2300.0219.0	ADQUISICIÓN TRACTOR-DESMALZADORA	39.718,27	19.787,53	8.480,36	12.771,71	4.250,41	85.008,28
TOTAL			1.267.959,35	631.883,72	270.807,28	407.708,09	135.703,07	2.714.061,51

Aprobar así mesmo os correspondentes proxectos técnicos.

3.- Aprobar o Plan Complementario ao POL 2006 no que se inclúe a seguinte programación de investimentos con indicación do concello, denominación e presuposto, que se financiarán cos remanentes que se puideran producir polas baixas de licitación ou anulacións de proxectos, así como coa diferenza entre o financiamento asignado e o investimento aprobado para a primeira fase da anualidade 2006 segundo se indica no apartado primeiro deste acordo, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os devanditos remanentes.

Esta relación ten carácter de "programación de actuacións que se han incluír no Plan complementario ao POL 2006", de forma que unha vez estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade de terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, polo Pleno da Deputación prestarase aprobación aos correspondentes proxectos.

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	PRESUPOSTO
ARANGA	ABAST. AUGA CERDELO CARBALLORTO SANTISO VILALRIZ E FERVENZAS FASE I	551.593,58
ARES	ABAST. E SANEAM. RUA SAN ANDRÉS, RUA CONSISTORIO E CONTORNO DO CANIÑO DE ESTACAS	149.878,64
BERGONDO	2 FASE SANEAMENTO SANTA MARTA DE BABÍO-EDAR PETEIRO	430.728,00
BERGONDO	ADECUACIÓN DA DEPURADORA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BERGONDO	120.360,00
BOQUEIXÓN	SANEAMENTO EN LOUREDA	527.805,10
CABANA DE BERGANTIÑOS	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NAS PARROQUIAS DE CANDUAS E CESULLAS	85.335,92
CABANA DE BERGANTIÑOS	SANEAMENTO NÚCLEO DE NEAÑO	88.651,29
CAMARIÑAS	ABASTECIMENTO DE AUGA EN PONTE DO PORTO	1.276.780,15
CAPELA	ABASTECIMENTO DE AUGA AO MUNICIPIO DE CAPELA	1.133.410,92
CARRAL	MELLORA DA REDE DE ABAST AUGA A CARRAL	165.286,89
COIRÓS	SANEAMENTO EN OIS	723.968,09
CORISTANCO	DEPÓSITO DE AUGA A COUSO	114.192,30
CORISTANCO	ABAST AUGA A VILAR, RIBELA, ESTERNANDE, VENTOSA E FUROCA DA PARROQUIA DE COUSO	143.285,53
DODRO	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA EN BEXO	246.916,03
FISTERRA	COLECTORES XERAIS EN ANCHOA E OUTROS	414.052,46
FRADES	DISTRIB. AUGA POTABLE EN GALEGOS E MOAR	444.655,39
FRADES	DISTRIB AUGA POTABLE EN ABELLA E MESOS	500.393,06
MAÑÓN	COLOCACIÓN DE TUBO SANEAMENTO DE SEMAFORO DE BARES Á REDE XERAL DE BARES	172.030,25
MAÑÓN	CAPTACIÓN AUGAS PARROQUIAS DE GRAÑAS E MAÑÓN	90.969,74
MELIDE	SANEAMENTO DA ZONA DO RIBEIRO E CONEXIÓN DA REDE DO POLÍGONO INDUSTRIAL	263.588,01
NEDA	SANEAMENTO VILA ANCA, TORRE, CORME	409.395,17
NOÍA	REFORMA DUN TRAMO CALLE DE GALICIA	242.950,48
NOÍA	REHABILITACIÓN DE ENLOUSADOS E INFR. R/PORTA DA VILA E ESCULTOR FERREIRO	240.401,47
OROSO	REDE AUGA POTABLE EN CARDAMA SENRA ANXELES E OUTROS FASE I	251.848,89
PADERNE	1ª FASE SANEAMENTO INTEGRAL DE PADERNE	1.672.755,33

PONTES, AS	PARQUE DO EUME . ÁREA ACTUACIÓN 1	355.929,21
PONTES, AS	PARQUE DEL EUME . ÁREA ACTUACIÓN 2	277.780,35
ROIS	SANEAMENTO E ABAST EN CASAL DE POÑO E AGRAFOXO	286.652,85
ROIS	SANEAMENTO EN LIÑARES (COSTA) E PEROXA (SIEIRA)	235.328,33
SADA	SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN ALBORELLE-SOÑEIRO	123.779,42
SANTISO	SANEAMENTO EN CHOREN-BARAZÓN	118.947,94
SANTISO	ABAST. AUGA A PUNIN E BALOCAS	118.598,27
SOMOZAS	AMPL. REDE ABASTECIMENTO AUGA 3-F	225.456,42
TORDOIA	ABAST. AUGA PARRO. CASTENDA	584.027,88
VAL DO DUBRA	NOVA CAPT. E DEP. AUGA POTABLE	223.380,10
VALDOVINO	AMPLIACIÓN SANEAMENTO POR MEIRAS E LAGO	389.791,23
VILARMAIOR	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NA PARROQUIA DE TORRES	89.901,50
ZAS	PASEO FLUVIAL EN BAIO	420.693,40
	TOTAL	13.911.499,59

Este Plan complementario poderá ser modificado ou ampliado na forma e cos trámites establecidos no RD 835/2003 do 27 de xuño, coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e FEDER.

4.-Disponer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas.

5.-Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos previstos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de Organización e Funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

6.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

7.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación prevista na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

8.-Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o Plan."

16.-APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DENTRO DA LIÑA DE PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o Real decreto 1263/2005 do 21 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais, desenvolvido mediante Orde ministerial do 31 de xaneiro de 2006, onde se crea unha nova liña de subvención de cooperación económica

local do Estado denominada “proxectos de modernización administrativa local”, a través da utilización de tecnoloxías da información.

•

Visto o Plan de modernización administrativa nos gobernos locais da provincia da Coruña a través da utilización de tecnoloxías da información 2006-2010.

E visto o proxecto técnico “CONCELLOS 2006: PRESTACIÓN DE SERVICIOS AO CIADÁN CON TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA COMPLETA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, DESENVOLVIDO, DENDE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A ESTRUTURA TECNOLÓXICA, FUNCIONAL E ORGANIZATIVA NECESARIA” da primeira fase do dito plan, e o resto da documentación complementaria presentada pola empresa adxudicataria do contrato de consultaría celebrado.

1.- Solicitarlle a subvención ao Ministerio de Administracións Públicas dentro da liña de cooperación económica local denominada “proxectos de modernización administrativa local” da anualidade 2006 para o proxecto denominado “CONCELLOS 2006: PRESTACIÓN DE SERVICIOS AO CIADÁN CON TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA COMPLETA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, DESENVOLVIDO, DENDE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A ESTRUTURA TECNOLÓXICA, FUNCIONAL E ORGANIZATIVA NECESARIA”, cun presuposto de contrata que ascende a 1.200.000,00€.

Dado que a subvención do Estado destinada ao cofinanciamento dos proxectos de modernización poderá alcanzar até o 50% do importe do proxecto, o importe de subvención estatal que se solicita, é o seguinte:

SOLICITUDE DE PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL 2006			
Denominación	Presuposto	MAP 50%	Deputación 50%
“CONCELLOS 2006: PRESTACIÓN DE SERVICIOS AO CIADÁN CON TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA COMPLETA NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, DESENVOLVIDO, DENDE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A ESTRUTURA TECNOLÓXICA, FUNCIONAL E ORGANIZATIVA NECESARIA”	1.200.000,00	600.000,00	600.000,00

2.- Aprobar o proxecto técnico da actuación indicada no apartado anterior.

3.- Declarar que na partida 0501/560B/60101 do presuposto provincial para o exercicio 2006 existe consignación por un importe de 1.200.000,00€ destinada ao financiamento deste programa, asociada a unha previsión de ingreso da achega do MAP por un importe de 600.000,00€.

Declarar así mesmo, que non existen axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas ou provenientes de fondos comunitarios.

4.- Remitir o expediente á Subdelegación do Goberno e á Comisión provincial de colaboración do Estado coas corporacións locais para os efectos de que no prazo de 10 días emitan o informe a que se refire o art. 22 do Real decreto 1263/2005.

5.- Remitirlle o expediente completo ao Ministerio de Administracións públicas para os efectos de solicitar a subvención estatal para este proxecto dentro da liña de proxectos de modernización administrativa local.

6.- Facultar ao presidente desta Deputación para a execución de todo o relacionado co presente acordo.”

17.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1. Aprobar as bases reguladoras do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, cuxo texto é o que figura como anexo a este acordo.

2. Dispoñer a exposición ao público das Bases mediante a inserción dun anuncio no BOP para que no prazo de 10 días poidan presentarse alegacións, debendo entenderse definitivamente aprobadas unha vez transcorrido dito prazo sen que se presenten alegacións."

BASES REGULADORAS DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas anualidade 2006, é un plan anual da Deputación da Coruña para o exercicio 2006 que se xestiona no marco do convenio de colaboración suscrito o 12 de xullo de 2004, para o período 2004-2006, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Fundación ONCE, para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal. O plan vaise cofinanciar con achegas de fondos FEDER, IMSERSO, Fundación ONCE e da Administración local.

Na partida 0701/313K/76201 destinada a transferencias de subvencións de capital a concellos, existe crédito por importe de 400.000,00€ que se destinan ao financiamento da achega da Administración local ás obras que se seleccionen para seren cofinanciadas no marco do dito convenio. Unha vez que se reciba a comunicación

das achegas do FEDER, IMSERSO e ONCE destinadas a financiaren as obras que se seleccionen, realizaranse as actuacións orzamentarias oportunas para xerar crédito na partida polos importes das devanditas achegas.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste plan é dar cumprimento ás previsións da Lei 4/1993 de servizos sociais de Galicia, art. 13.3, 22.1 e 25, e normativa de eliminación de barreiras arquitectónicas, e cooperar cos concellos da provincia na execución de proxectos de obras de accesibilidade destinados á eliminación de barreiras arquitectónicas e urbanísticas nos inmóbeis de titularidade municipal e o seu contorno máis inmediato.

En concreto, poderanse solicitar proxectos para a execución de ramplas de acceso, instalación de ascensores, realización de aseos adaptados, prazas de aparcamento reservadas para minusválidos, cadeiras salvaescaleiras, adaptación de portas, e en xeral calquera obra que teña por obxecto a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Os inmóbeis nos que se executen as obras deben ser de titularidade municipal, incluíndose xa que logo, a casa do concello, centros socio-culturais, instalacións deportivas, mercados e especialmente aqueles que están destinados á prestación de servizos sociais municipais.

Poderase solicitar a inclusión dos proxectos baseados nos estudos-diagnósticos elaborados no marco do Convenio de colaboración suscrito entre esta Deputación provincial da Coruña e o Departamento de Tecnoloxía en Ciencias da Representación Gráfica da Universidade da Coruña para o estudo dos edificios dos concellos da provincia, na supresión de barreiras arquitectónicas, asinado en 1999, e cuxo documento de estudo-diagnóstico se lle enviou a cada concello en xaneiro de 2001, no caso de que aínda non se executasen, e coas actualizacións, correccións e desenvolvementos que sexan precisos.

Os proxectos de execución de obras de accesibilidade que se soliciten deben cumprir os seguintes requisitos:

- Estabélcese un orzamento mínimo de 12.000,00€ e un máximo de 200.000,00€
- Os proxectos de execución das obras e subministracións se é o caso, débense redactar conforme ao establecido no RD 2/2000, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e normativa de desenvolvemento.
- Os proxectos han de se referir a obras completas, no senso de seren susceptíbeis de entrega ao uso público, e así se fará constar expresamente no proxecto técnico.

- Poderanse presentar até un máximo de 3 proxectos que deberán estar priorizados polo concello. En todo caso, a suma dos orzamentos das actuacións solicitadas non poderá exceder de 200.000,00€.

3.- DESTINATARIOS

Poderán participar neste plan todos os concellos da provincia da Coruña, con poboación inferior a 50.000 habitantes, agás aqueles que xa se adherisen ao convenio citado no apartado 1, para a execución de proxectos de obras de accesibilidade.

4.- FINANCIAMENTO

As obras que resultaren seleccionadas cofinanciaranse entre o FEDER, IMSERSO, Fundación ONCE e esta Deputación, sen que exista inicialmente achega municipal, de acordo coas asignacións que concreten os órganos decisorios do convenio.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **até o 15 de marzo de 2006**, a seguinte documentación:

5.1.- Decreto da Alcaldía de solicitude de participación no presente plan, para a execución do proxecto de obras de accesibilidade, conforme ao modelo que figura como anexo a estas bases.

5.2.- Certificación expedida polo secretario xeral do concello acreditativa da titularidade municipal do inmóbel onde se van realizar as actuacións.

5.3.- Proxectos técnicos por duplicado exemplar, co contido establecido no artigo 124 do RD lexislativo 2/2000, ou prego de prescricións técnicas da subministración onde se detallan as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, onde non poden figurar marcas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario, e detalle do IVE.

5.4.- Certificación acreditativa das axudas solicitadas e ou concedidas para o mesmo proxecto de calquera entidade pública ou privada.

5.5.- Se é o caso, certificación acreditativa de ter aprobado algún tipo de planeamento de supresión de barreiras arquitectónicas ou de accesibilidade, con detalle dos datos da súa aprobación e contido.

5.6.- Certificación acreditativa de non ter solicitado de forma individual a adhesión ao presente convenio no seu apartado de execución de obras de accesibilidade.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Todas as solicitudes que presenten os concellos serán revisadas coa finalidade de comprobar que cumpren cos requisitos establecidos nestas bases.

As solicitudes que estean correctas recolleranse nunha listaxe priorizada de acordo cos seguintes criterios:

De 0 a 20 puntos	Por contar o concello con algún tipo de planeamento sobre supresión de barreiras ou accesibilidade nos edificios municipais no que se integre o proxecto que se vai executar.
De 0 a 20 puntos	Viabilidade técnica da actuación que se vai realizar e relevancia cualitativa e cuantitativa na mellora das condicións de accesibilidade.
De 0 a 20 puntos	Actuacións en áreas onde se localicen centros para persoas con discapacidade e outros de atención social.
De 0 a 30 puntos	Número de habitantes do concello de acordo cos seguintes tramos: De 0 a 5.000 habitantes - 5 puntos De 5.000 a 10.000 habitantes - 10 puntos De 10.000 a 15.000 habitantes - 15 puntos De 15.000 a 20.000 habitantes - 20 puntos De 20.000 a 30.000 habitantes - 25 puntos De 30.000 a 50.000 habitantes - 30 puntos
De 0 a 10 puntos	A propia orde de prioridade establecido polo concello.

7.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN

Á vista de todas as solicitudes presentadas polos concellos da provincia, e unha vez confeccionada unha relación na que se prioricen estas, de acordo cos criterios

estabelecidos nestas bases, o Pleno da deputación aprobará a solicitude de adhesión ao convenio, presentando a dita relación priorizada de actuacións para as que se solicitará financiamento con cargo aos fondos FEDER, IMSERSO, Fundación ONCE e desta Deputación.

A solicitude remitiráselle ao IMSERSO antes do 31 de marzo de 2006 conxuntamente coa documentación complementaria, para os efectos de obter a concesión das achegas financeiras correspondentes.

Unha vez aprobada polos órganos decisorios do IMSERSO e da Fundación ONCE, o IMSERSO emitirá o texto do convenio de colaboración singular que se someterá á sinatura dos representantes das institucións implicadas. No dito convenio fixarase o importe exacto das achegas efectivas dos participantes, a forma de pagamento á Corporación local das achegas de Fundación ONCE e IMSERSO, as esixencias respecto do seguimento das actuacións, as esixencias verbo da adxudicación e execución do proxecto, as esixencias respecto do seguimento dos criterios de prioridade valorados pola Comisión de Seguimento, e o modo de xustificación do gasto.

Tendo en conta os proxectos seleccionados e o financiamento concedido, esta deputación prestará aprobación ao Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, onde se incluírán as actuacións seleccionadas, cun detalle de financiamento concreto. En todo caso, será preciso que previamente se realicen as operacións orzamentarias que sexan necesarias para que exista crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para o exercicio 2006. O plan remitiráselle para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos na Lei de administración local de Galicia.

8.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS E EQUIPAMENTOS .

A contratación das obras ou equipamentos farana os respectivos concellos por delegación da deputación, quen deberán realizala no prazo máximo de 3 meses desde a sinatura do convenio de colaboración singular, de acordo coas instrucións que enviará no seu momento a deputación, nas que se recollerán as esixencias establecidas no convenio.

Os pregos de condicións deberán contemplar a necesidade de cumprimento dos requisitos seguintes por parte da empresa adxudicataria:

- cumprimento da normativa vixente en materia de reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade.
- experiencia suficiente e demostrada na execución de proxectos similares, incluída especificamente como requisito de solvencia técnica.

- criterios obxectivos de adxudicación preferente ás empresas que contén con maiores cotas de integración de traballadores con discapacidade nos seus cadros de persoal.

Unha vez adxudicadas as obras, o concello deberá presentar na deputación a documentación que se indicará na correspondente circular, para a súa posterior remisión ao Comité Técnico do convenio.

9.- EXECUCIÓN DO PLAN

As obras ou equipamentos executaranas os respectivos concellos conforme co proxecto de obras ou prescricións técnicas da subministración aprobadas.

Desde a iniciación das obras até a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra, de acordo cos requisitos establecidos no convenio.

Os investimentos incluídos no presente plan deberán estar rematados e xustificadas antes do 31 de outubro de 2007, agás prórroga solicitada e concedida motivadamente mediante Resolución da Presidencia, no marco dos prazos establecidos no convenio.

10.- PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarán os respectivos concellos para o que presentará certificación de execución das obras ou, se é o caso, factura e xustificación da subministración, debidamente aprobadas polo concello e por triplicado exemplar.

As certificacións de execución de obra presentaranse no modelo oficial que se lle enviará ao concello e o seu importe non poderá ser inferior a 6.000,00€, salvo a última certificación, e deberán acompañarse das correspondentes facturas expedidas pola empresa adxudicataria. Unha vez rematadas as obras deberase acompañar a acta de recepción das obras.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, despois da verificación da adecuación das certificacións ou facturas ao proxecto ou prescricións da subministración aprobadas no plan.

11.- RÉXIME XURÍDICO

O presente plan regúlase polo establecido nas presentes bases e polo texto do convenio de colaboración suscrito o 12 de xullo de 2004 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Fundación ONCE, para a cooperación e integración

social con persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal, así como o seu Manual de instrucións.

12.-INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se poidan presentar resolveraaas o presidente da deputación, logo do informe previo de Secretaría e Intervención.

MODELO DE DECRETO DE ALCALDÍA DE SOLICITUDE

1.- " Participar no Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, elaborado no marco do convenio de colaboración suscrito o 12 de xullo 2004, para o período 2004-2006, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Fundación ONCE, para a cooperación e integración social con persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización dos investimentos que a continuación se indican:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1-	
2-	
3-	
TOTAL	

2.- Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas da subministración dos investimentos previstos no apartado 1.

3.- Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que ten resolto todo o relacionado coas autorizacións administrativas e concesións que sexan necesarias."

_____, ____ de _____ de 2006

O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.-

Asdo.-

18.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO PARA FINANCIAR O PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO CENTRO DE RECURSOS E SERVIZOS INTEGRAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o proxecto básico de construción do edificio destinado a Centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa CERSIA, promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a 200.000 € para a anualidade 2006 e outros 200.000 € para 2007 que poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio e con cargo a Partida orzamentaria 0305/463.B/762.01

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio, co seguinte teor literal:

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da Corporación D. José Luis Almáu Supervía.

Doutra parte D. Xosé Sánchez Bugallo, como alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN:

1.- Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña o Concello de Santiago de Compostela consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co desenvolvemento económico da provincia.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e mellora do desenvolvemento empresarial dos axentes económicos e sociais da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, as dúas partes acordan subscribir un convenio consonte ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA. OBXECTO:

O presente convenio ten por obxecto o de financiar parte do custo de desenvolvemento do proxecto do proxecto básico de construción do edificio destinado a Centro de recursos e servizos integrais de apoio a empresa (CERSIA), promovido polo Concello de Santiago de Compostela.

O importe total do proxecto ascende a 1.247.581,22 € e o cadro de financiamento do proxecto e o seguinte:

Construción edificio CERSIA	Deputación	Concello	Total
Anualidade 2006	200.000,00	400.000,00	600.000,00
Anualidade 2007	200.000,00	447.581,22	647.581,22
Totais	400.000,00	847.581,22	1.247.581,22
Coeficientes	32,06 %	67,94 %	100 %

SEGUNDA. OBRIGAS:

O proxecto elaborado polo Concello de Santiago de Compostela trata de promover o desenvolvemento económico na comarca de Santiago de Compostela de acordo co contido especificado nel.

O concello comprométese a adxudicar o contrato mediante concurso conforme os principios de publicidade e concorrencia, realizándose a adxudicación con criterios de eficiencia e economía conforme o disposto nas normas de aplicación os contratos administrativos das administracións públicas

TERCEIRA. FINANCIAMENTO E PAGO:

A Deputación da Coruña financiará o proxecto cunha achega de 200.000 euros (DOUSCENTOS MIL), na anualidade 2006 e outros 200.000 € (DOUSCENTOS MIL) na anualidade 2007 co obxectivo de custear a execución da obra.

CUARTA: FORMA DE PAGO

A Deputación provincial realizará o pago proporcional da súa achega contra presentación das certificacións de obra emitidas de acordo co proxecto de execución aprobado e das facturas xustificativas da execución do investimento debidamente aprobadas polo órgano competente do concello

Con carácter previo o aboamento da primeira achega da Deputación deberá presentarse un exemplar do proxecto de execución coa xustificación da súa aprobación polo órgano competente do concello mediante a presentación da oportuna certificación.

O compromiso máximo de achega a sumir pola Deputación é o reflectido na cláusula primeira do presente convenio. No suposto de que a adxudicación do contrato da obra se realice por un importe inferior ó contemplado na cláusula primeira, as achegas reflectidas nela miniraránse mediante a aplicación do coeficiente de financiamento respectivo. A Deputación non asumirá incremento ningún derivado de posibles proxectos reformados, liquidacións ou revisións de prezos.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada. No caso de superar o custo da actividade subvencionada, a entidade procederá a reintegrarlle á Deputación Provincial da Coruña o exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes.

O concello deberá presentar declaración da totalidade das subvencións publicas ou privadas obtidas para a mesma finalidade (de conformidade co disposto no artigo 14.d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

Así mesmo o concello deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións. (tanto momento da subscrición como dos aboamentos). Tamén deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación. En todo caso, se o concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingreso de dereito publico provinciais, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados, de acordo co establecido no artigo da Lei 39/1988, de facendas locais e do correlativo da Lei xeral tributaria.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN QUE HA REALIZAR O CONCELLO.

Antes do 30 de xuño do 2008 o concello presentará a documentación xustificativa da execución do proxecto: certificacións xustificativas do gasto realizado e acta de recepción das obras

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do Convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

SÉTIMA.- CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

OITAVA.- RESOLUCIÓN DO PRESENTE CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes.

NOVENA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase polas estipulacións nel contidas, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no R.D. lexislativo 2/2000 polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas e nas Bases de execución do orzamento provincial.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo ós procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

DÉCIMA- VIXENCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ó da súa sinatura e entenderase ata o 30 de xuño do 2008, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo ós procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos aportados.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en exemplar sextuplicado, no lugar e data antes citados.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O ALCALDE DO CONCELLO

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo: José Sánchez Bugallo”

19.-CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CAIXA GALICIA REFERENTE Á CESIÓN DE USO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

A.- Aprobar a modificación do uso da Sala de Exposicións do local sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil solicitada por Caixa Galicia, para que a citada sala, cunha superficie de 361,50 m2 poida destinarse a *biblioteca infantil e xuvenil ou a outros usos similares aos do Centro ou compatíbeis con este.*

B.- Aprobar a cesión de uso do local sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela, que haberá de formalizarse no correspondente convenio, de acordo co seguinte texto:

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, Caixa Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a cesión ao Concello de Santiago de Compostela do uso de parte do local situado na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil

A Coruña,

REUNIDOS

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. D. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela.

O Sr. D. José Luis Méndez López, director xeral de Caixa Galicia.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas, recoñécense con plena capacidade para levar a cabo o presente convenio e

MANIFIESTAN

A.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, que se inclúe como anexo ao presente convenio, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia lle cedía á Deputación da Coruña o uso, a título gratuito de 1.268,50 metros cadrados na planta baixa do local sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A devandita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada polos acordos da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, do 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades subscribiuse o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

B.- A partir desa data e coa finalidade de adaptar os locais cedidos ao seu uso como Centro Sociocultural e Xuvenil, a Deputación da Coruña vén realizando obras de adecuación e equipamento, por un importe de 1.412.732,72 €.

C.- Por resolución nº 4787, do 31 de marzo de 2004, foron nomeados como representantes da Deputación na Comisión de Seguimento prevista no convenio, os sres. deputados D. Francisco Candela Castrillo e D. Celestino Poza Domínguez, sendo os representantes de Caixa Galicia D. Andrés Cuns Rial, director da División de Organismos e D. Juan Carlos Carneiro Caneda, director territorial de Santiago.

Na reunión celebrada por esta Comisión o día 8 de xullo de 2004, presentouse a posibilidade de reorientar o Centro, no senso de ampliar a súa finalidade, así como a posibilidade de xestionalo en colaboración co Concello de Santiago.

D.- Por resolución da Presidencia nº 1223, do 10 de febreiro de 2005, aprobouse o inicio dos trámites necesarios para a modificación do convenio e establecíase que as negociacións as fixeran os membros da Comisión de Seguimento.

Con data do 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixíase formalmente a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na rede municipal de centros socioculturais.

E.- Logo de que se fixeran as correspondentes xestións por parte da Deputación e de Caixa Galicia, aprobouse a modificación do convenio, pola Asemblea Xeral de Caixa Galicia o día 18 de xuño e polo Pleno de Deputación, o día 15 de setembro, de acordo co seguinte:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Nova redacción:

“A Deputación Provincial da Coruña e Caixa de Aforros de Galicia, actuando esta última no ámbito da súa obra benéfico-social, crean unha concreta obra benéfico-social en colaboración para o establecemento dun Centro Sociocultural e Xuvenil de carácter polivalente, dirixido a todos os colectivos cidadáns, no que se prestarán servizos de carácter cultural, lúdico, formativo e servizos sociais de base”.

SEGUNDA.- Engadir:

“Caixa de Aforros de Galicia resérvase o uso da Sala de Exposicións (361,50 metros cadrados) que, sempre que exista acordo previo, poderá ser utilizada pola Deputación ou a entidade que, no seu caso, poida xestionar o Centro.

No caso de que a xestión do Centro se encomende a outra entidade, a Deputación da Coruña resérvase o uso da zona do extremo nordés do local, integrado por: unha antesala e unha secretaría (31,43 m²), un despacho (31,81 m²), un aseo privado (2,97 m²), unha sala de xuntas (25,30 m²) e un anexo á sala de xuntas (2,51 m²) cunha superficie total de 95,02 metros cadrados”.

TERCEIRA.- 8. Engadir:

“A Deputación da Coruña ou a entidade que, no seu caso, poida xestionar o Centro, resérvase o uso do Salón de Actos (104,71 m²) que poderá ser utilizado por Caixa de Aforros de Galicia, despois do acordo previo entre as partes”.

QUINTA.- Engadir:

“A modificación do convenio non supón alteración ningunha no prazo establecido na presente cláusula”.

SEXTA.- Engadir:

“A modificación do convenio non supón custo ningún para Caixa de Aforros de Galicia.

A xestión do funcionamento do Centro poderá ser encomendada pola Deputación da Coruña ao Concello de Santiago, logo da autorización previa do Consello de

Administración de Caixa de Aforros de Galicia, mediante o acordo de colaboración oportuno que, en calquera caso, respectará o uso dos locais que se reservan a Caixa de Aforros de Galicia e a Deputación da Coruña, segundo consta na estipulación segunda”.

SÉTIMA.- Engadir:

“No caso de que a xestión e o funcionamento do Centro a asuma o Concello de Santiago, a Comisión de Seguimento quedará integrada por dous representantes da Deputación de Coruña, dous representantes de Caixa de Aforros de Galicia e dous representantes do Concello de Santiago”.

Esta modificación do convenio foi formalizada polos representantes da Deputación de Coruña e a Caixa de Aforros de Galicia o día 9 de novembro de 2005, en documento administrativo nº 273/2005.

F.- Unha vez subscrito o devandito convenio, a Deputación da Coruña solicitoulle á Caixa de Aforros de Galicia a autorización para que aquela puidese encomendar a xestión do funcionamento do Centro ao Concello de Santiago de Compostela mediante escrito remitido o 24 de xaneiro de 2006; a solicitude foi aprobada por acordo do Consello de Administración da Caixa de Aforros de Galicia, con data do 26 de xaneiro de 2006.

G.- O art. 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (LBRL) establece que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal e, de conformidade co art. 28, poden realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións públicas, en particular as relativas á educación, cultura, promoción da muller, vivenda, sanidade e protección do medio natural.

H.- O art. 31.2 da LBRL establece como fin propio da provincia asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, consonte co cal, as deputacións teñen entre as súas competencias (art. 36.1.a) a coordinación destes servizos.

I.- Á vista do contido dos artigos citados, e consonte co art. 31.2 do Regulamento de servizos das corporacións locais que establece que se evitará a duplicidade de servizos prestados por outros organismos con competencia especialmente constituída para o seu desenvolvemento, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela e Caixa Galicia, acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto formalizar a cesión ao Concello de Santiago de Compostela do uso de parte do local situado na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a xestión do seu funcionamento.

SEGUNDA.- De acordo co contido do convenio subscrito o trinta de xullo de dous mil dous entre a Deputación Provincial da Coruña e Caixa Galicia, entidade propietaria do inmóbel, modificado polo acordo do Pleno da Corporación o dezaseis de setembro de dous mil cinco, que se formalizou en documento administrativo nº 273/2005, a cesión realízase nas seguintes condicións:

- Caixa Galicia resérvase o uso da sala de 361,50 metros cadrados que destinará a Biblioteca Infantil e Xuvenil ou a outros usos similares aos do Centro ou compatíbeis con este, a cal, sempre que exista acordo previo, poderá ser utilizada pola Deputación ou polo Concello de Santiago.
- A Deputación da Coruña resérvase o uso da zona do extremo nordés do local, integrado por: unha antesala e unha secretaría (31,43 metros cadrados) un despacho (31,81 metros cadrados), un aseo privado (2,97 metros cadrados), unha sala de xuntas (25,30 metros cadrados) e un anexo á sala de xuntas (2,51 metros cadrados) cunha superficie total de 95,02 metros cadrados.
- A Deputación da Coruña e o Concello de Santiago resérvanse o uso do Salón de Actos (104,71 metros cadrados) que poderá ser utilizado por Caixa Galicia despois de acordo previo entre as partes.
- A cesión realízase por un prazo inicial que finaliza o 30 de xullo de 2017, poderase renovar por períodos quinquenais, de non haber denuncia expresa no ano anterior á súa finalización; se por calquera circunstancia se resolvese o convenio formalizado entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, darase por resolta a presente entrega.

TERCEIRA.- A partir do ano 2006, a Deputación da Coruña aboaralle ao Concello de Santiago de Compostela a cantidade de 180.000 € por ano, durante catro anos, coa finalidade de contribuír á posta en marcha e funcionamento do Centro.

A tramitación desta achega realizarase de acordo co establecido nas Bases de execución do presuposto provincial para as subvencións nominativas e requirirá a sinatura do correspondente convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela.

Neste convenio determinaranse os gastos que ha financiar e a forma de pagamento da achega da Deputación da Coruña que, de ningún xeito superará o importe de 180.000 € anuais, e suporá, como máximo, o 80% dos gastos xustificadas polo Concello de Santiago que, consonte co anterior aboará, polo menos o 20% deles.

CUARTA.- A presente cesión terá a vixencia sinalada na cuarto apartado da cláusula segunda.

QUINTA.- A cesión do mobiliario e equipamento do local, que é propiedade da Deputación da Coruña, será obxecto do oportuno expediente de cesión.

SEXTA.- Para o non previsto neste convenio, será de aplicación o disposto nos convenios de colaboración formalizados pola Deputación da Coruña e Caixa Galicia nos documentos administrativos nº 64, do 30 de xullo de 2002 e nº 273, do 9 de novembro de 2005.

SÉTIMA.- O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que poidan xurdir serán competencia da xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución de dúbidas na súa interpretación, estarase ao disposto no R.D. legislativo 2/2000, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas. “

C.- Autorizar a elevación das porcentaxes de financiamento establecidas no art. 174.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (R.D. legislativo 2/2004, do 5 de marzo).”

20.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE EMPREGO (2006-2009), CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2006.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación a este Plan de emprego, xa na Comisión de Persoal que celebramos este luns asistimos ás explicacións que o presidente da Comisión nos formulou sobre este tema, e formulamos unha consulta á Secretaría Xeral sobre se era necesario, en relación co Servizo de Asistencia a Municipios, a modificación do Regulamento orgánico que regula este Servizo, que data do ano 1988. Hoxe temos un informe da

Secretaría que nos di que non é necesario a modificación dese regulamento e que, polo tanto, este tema pódese tratar legalmente sen ningunha obxección.

En relación a todo este Plan de persoal nós queríamos resaltar dúas ou tres consideracións. A primeira era que se segue na mesma liña que se traballou na lexislatura anterior no tema de reforzamento dos servizos, nun tema que para nós foi de especial interese e especial sensibilidade, que era a promoción interna e o cambio cualitativo que se producira na estrutura funcional, dado que había un cadro de persoal auxiliar moi ampla que non correspondía na natureza das funcións, e que se vai transformando en administrativos, e outros moitos aspectos que se sinalan no Plan de persoal, algúns que tratamos nós, e outros que son novos, e todos eles para nós avanza nunha dirección correcta de mellorar a estrutura de persoal da deputación e mellorarse tamén o que se refire ás competencias que debemos de asumir e mesmo nalgún caso se tomaron decisións sobre algo que estivera pendente, como era a potenciación dos colexios da deputación, o Calvo Sotelo en concreto, que tamén nos parece adecuada.

Porén, hai dous aspectos que a nós nos preocupan e que son os que motivan esta intervención, e refírense a algo que está na propia substancia da deputación como entidade de prestación de servizos aos concellos, e trátase do Servizo de Asistencia a Municipios e o Servizo de Xestión e Inspección Tributaria. Estes dous nacen como unidades diferenciadas nun momento no que se pretende potenciar as relacións e o apoio que a deputación presta aos pequenos concellos. Eu non entendería esta deputación se a súa sensibilidade non se concentrase fundamentalmente nos concellos pequenos. E creáronse, este Servizo créase con catro áreas, fundamentalmente, Asistencia Xurídica, Económica, Técnica e Informática, e créase cunha vocación de unidade, coa finalidade de que, calquera que fóra destas áreas, un concello se puidese dirixir a unha unidade organizativa, así se define, non se logra a súa totalidade, pero así se define, e ese era o obxectivo que se pretendía e que, en definitiva, os concellos tivesen unha única voz á cal dirixirse en relación ao tema que quixesen formular. Este Servizo estaba, eu diría que dotado basicamente, pero necesitaba unha potenciación, e a decisión que se toma agora neste Plan de emprego, a nós preocúpanos, porque se escinde a unidade do Servizo, a unidade funcional, organizativa, e créanse catro áreas funcionais, diferenciadas, a Asistencia Xurídica que pasa a depender da Secretaría Xeral, a Asistencia Económica e a Asistencia Técnica, de Oficialía Maior, e a Asistencia Informática do Servizo de Organización, Calidade e Modernización.

Isto nós pensamos que non é un paso positivo, e queremos resaltar ante todo que en ningún caso dubidamos da competencia e da profesionalidade, tanto do secretario xeral como da oficial maior, non se trata de persoas, senón de filosofía de organización, e pensamos que a filosofía de organización vai nun sentido contrario ao que demandan os concellos hoxe. Se algo permite, nun debate que se está a suscitar publicamente nestes días, deben de subsistir as deputacións ou non?, ese debate está tamén profundamente relacionado co que estamos a falar, nós dicimos que si, hai partidos representados nesta deputación que din que non, e dicimos que si porque cremos, sobre todo, que a nosa substancia, e reitero o dito xa dúas veces, está en que un concello vexa

a deputación como organización que se preocupa del, que resolve os seus problemas e que está atenta a el. Esta división en catro áreas funcionais, o que vai crear é unha sensación de división, de falta de visión unitaria dun tema, porque hai tres unidades organizativas que se van encargar dos temas de apoio aos concellos, e en definitiva, parécenos que vai, polo menos, espiritualmente, senón legalmente, non vou discutir o ditame do secretario, que respectamos en todo caso, pero si espiritualmente vai en contra da idea que era que os concellos tivesen unha única unidade que os atendese.

Outro tema que suscita a nosa preocupación, tamén moi importante, é o aspecto de Xestión e Inspección Tributaria, que tamén vai relacionado coa mesma filosofía, os concellos non teñen estrutura, os pequenos concellos, para xestionar os seus propios tributos, e a deputación lles está a prestar un servizo fundamental aí. Que Xestión e Inspección Tributaria se fagan depender da Tesourería, creo que non é correcto, non, e volvo a repetir o mesmo, non porque o tesoureiro non sexa un funcionario tecnicamente cualificado, senón porque era un servizo diferenciado, que expresaba un apoio directo e substancial da deputación aos concellos, potenciando un servizo que non ten nada que ver coas funcións da Tesourería.

Creo que son dúas decisións coas que non podemos estar de acordo, porque a nosa posición, e así o foi na lexislatura anterior, aínda que non conseguimos culminalo, era precisamente reforzar a unidade destes servizos, reforzar a súa competencia organizativa e reforzar o seu contido. Ante esta situación, na que o Plan de emprego contén avances substanciais que van mellorar en moitos aspectos a posición da deputación e o tratamento do persoal, e a nosa discrepancia nestes sentidos, obríganos a formular un voto de abstención.

Sr. Presidente

Se me permite, Sr. deputado de Persoal, gustárame responderlle ao Sr. Dositeo, independentemente de que despois queira matizar, ou ampliar.

Agradézolle o primeiro recoñecemento que fai de que estamos a traballar na dirección correcta, eu creo que xa estabamos a traballar cando aprobamos o Plan de emprego alá polo mes de decembro, e mostra a súa preocupación polo Servizo de Asistencia a Municipios e polo Servizo de Inspección e Xestión Tributaria. Eu que fundei ou creei, baixo a miña Presidencia, o Servizo de Asistencia de Municipios, e o Servizo de Xestión Tributaria, quérolle dicir que teña a absoluta tranquilidade de que van seguir funcionando e imos tentar que funcionen mellor se é posíbel.

Vostede tivo a oportunidade de ler o informe que fixo o secretario xeral sobre esta cuestión, e di: “...Segue existindo o Servizo –de Asistencia a Municipios–, segue existindo o Servizo coas mesmas áreas e coa identificación nos organigramas de persoal, con nome e apelidos, que debe de prestar primariamente asistencia e conforme ao Regulamento polo que non hai ningunha confusión, nin para os municipios usuarios, nin para outros terceiros sobre o procedemento, que non cambiou, para prestar

asistencia, nin sobre as persoas responsábeis de a prestar, o que si cambia, aínda que non siga afectando ao Regulamento, é a pretensión dunha maior coordinación, eficiencia e integración dos servizos, nunha liña xa seguida noutras deputacións”.

Existía un xefe, un director de área, esa praza amortízase e encoméndaselle a dirección á oficial maior. Oficialía Maior, saben vostedes que é un posto que se está a baleirar de contido, aquí e nas outras administracións, é unha persoa que ocupa esa Oficialía, altamente cualificada, e consideramos que debe perfectamente dirixir e facer depender o Servizo de Asistencia dela, estamos a amortizar unha praza de dirección, non estamos a alterar ningún tipo de funcionamento.

Altérase o Servizo de Asistencia Xurídica, certo, por unha razón simple, porque nesta casa hai un Servizo de Asistencia Xurídica da Deputación, un Servizo Xurídico da Deputación, e un Servizo Xurídico de asistencia aos concellos, e, que observamos?, vendo a actuación duns e outros, vemos que un está sobreesaturado de traballo e outro ten menos traballo. Pois o que facemos é refundir o servizo xurídico nun, iso non quere dicir que os concellos queden sen asistencia xurídica, quere dicir que para mellor funcionamento e maior coordinación, refundimos todos nun único servizo, pero iso non vai afectar ao funcionamento do Servizo de Asistencia Xurídica, ao contrario, refórzase.

E no Servizo de Informática, vostede sabe, coma min, os problemas que había aí, non problemas técnicos, os problemas que había mesmo de denuncias e de querelas nos Xulgados, e sabe o problema de persoal. Optamos por mandar o Servizo ao Servizo de Modernización e Calidade Informática, que creou vostede, paréceme, e é que acaso os concellos non teñen tamén a posibilidade de se modernizaren e ter unha calidade informática? Non significa, desde o punto de vista de funcionamento e de eficacia do Servizo, créame, Sr. Dositeo, non se vai estragar absolutamente para nada. Tomamos unha serie de medidas que nos parece que son correctas, para reforzar o Servizo e para aumentar a coordinación. Entendo que poidan non ser asumidas, pero concédame o beneficio da dúbida, e espere a ver o resultado. Creo que é unha boa decisión, é boa para o Servizo e é boa para os concellos.

E en relación ao Servizo de Inspección e Xestión Tributaria, que tamén o creei eu, sendo presidente no ano, paréceme que 91, e que funciona moi ben, precisamente rendemos conta neste Pleno da liquidación, recadáronse 11.000 millóns de pesetas en 84 concellos da provincia, recadouose o 92% en período voluntario e paréceme que o 68% en período executivo, é dicir, recadouose o 96%, creo que é unha cifra da que nos podemos sentir orgullosos todos. Quedou un 4% sen cobrar que son os recibos que están mal feitos, cambios de enderezos e erros que hai, podemos estar satisfeitos, pero observabamos algunha disfunción. Primeiro, había servizos informáticos que non estaban integrados, había unha Informática de Xestión, unha Informática de Recadación e unha Informática de Inspección, que non tiñan nada que ver a unha coa outra, e se daba o paradoxo de que en Xestión puñan en circulación un recibo que fora anulado por Inspección, pois ao facer unha única Informática no Servizo de Xestión

Tributaria non estamos a estragar o Servizo, estamos a gañar en eficacia, eu penso que estamos a gañar en eficacia. E había tres xefes de Servizo, como tamén no Servizo de Asistencia a Municipios había catro xefes de Servizo, e segue habendo catro xefaturas de servizo; aquí había tres xefaturas de servizo, a xefatura de servizo de Xestión, a xefatura de servizo de Inspección e a xefatura de servizo de Recadación, pero non había unha cabeza que coordinase, entendemos que é bo que haxa un responsábel único e que coordine os tres servizos, para ter unha información común, que non haxa unha información de Xestión ao contribuínte, unha información de Inspección e unha información de Recadación, senón que haxa unha única información ao contribuínte, e que haxa tamén unha área tributaria propia, como unha axenda tributaria provincial. Cremos que son pasos que non contribúen a estragar o Servizo, cremos que son pasos que contribúen a melloralala, e neste sentido llo formulamos, e eu píddolle, Sr. Rodríguez, que faga un esforzo, que confie en nós, se estamos na dirección correcta en todo o demais, estamos tamén na dirección correcta aquí. Son servizos que están a funcionar, que teñen algunhas deficiencias, que vostedes coñecen, e que estamos a tratar de corrixir mediante estas decisións, e cremos que con iso ímolo reforzar, a darlles maior calidade, a darlles unha coordinación que hoxe non teñen, carecen, e que en definitiva imos mellorar un servizo a disposición dos concellos da provincia. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Tamén recoñecerá que nós na lexislatura anterior íamos nesa mesma dirección. É dicir, vostedes están a continuar un esforzo que nós iniciamos con moito traballo e moitas dificultades, que vostedes están culminando, ou completando cousas que se fixeran anteriormente, pero que non é novo, senón que responde a algo que había, substancialmente en moitos dos aspectos substanciais, feito polo Partido Popular cando estaba na deputación, todos temos dereito a recoñecer os traballos realizados.

Pero eu quería, a razón da miña intervención non era esta, era simplemente sinalar dúas cousas. A primeira, que vostede formula un argumento que, non obstante, hai unha certa contradición, cando dicía que na Xestión e Inspección Tributaria facía falta unha unidade de coordinación, no Servizo de Asistencia a Municipios nós pensamos o mesmo, e non hai esa unidade de coordinación, a Asistencia Xurídica pasa á Secretaría, a Asistencia Económica Técnica á Oficialía Maior e a Asistencia Informática ao Servizo de Organización, Calidade e Modernización. Polo tanto, hai tres áreas implicadas e non hai unha unidade, non, se é así, non imos discutir agora cousas que están aí, porque son tres áreas diferenciadas e, polo tanto, desaparece a unidade que nós reclamabamos precisamente. E en segundo lugar, que os sistemas informáticos, os sistemas informáticos non teñen que definir a estrutura da organización, vostede mesmo dixo que o Servizo de Xestión e Inspección Tributaria era exemplar, para min é un dos servizos máis eficientes da casa, pois había que deixalo, era moi eficiente. Se había un sistema informático inadecuado, que non relacionaba Tesourería con Xestión, xa se estaba na liña de unificar o sistema informático, pero non fai falta unificar o Servizo, e nós entendemos que a función de Tesourería, que é unha función substancial

dentro da casa, non ten nada que ver coa función de Xestión e Inspección Tributaria para os concellos. Polo tanto mantemos, non ten nada que ver, a Tesourería é unha cousa e iso é outra, independentemente da unificación de sistemas informáticos.

Iso obríganos a manter a nosa posición e desexar que vostede teña razón, nós o que queremos é que funcione mellor a deputación, mantemos a preocupación que tiñamos, e estaremos facendo, como é natural, o seguimento de como vai funcionando ese Servizo, que pediría que o fixesen vostedes tamén, a través de enquisas aos concellos, cando pase un tempo prudencial, para ver se están mellor servidos, ou peor, e que en todo caso estas decisións poidan ser revisadas en función do tempo, precisamente en función da súa utilidade, hoxe mantemos a nosa preocupación.

Sr. Diz Arén

Non era con intención de entrar no debate do Plan de emprego, porque foi xa debatido no Pleno de decembro, e aprobado, hoxe traíamos aquí soamente o tema das alegacións que se presentaron. Entón, soamente para facer constar e, sobre todo, manifestar o agradecemento polo esforzo orzamentario que se fai na aprobación mesmo das aprobacións destas alegacións porque hai moitas correccións nos organigramas, que tiñan algún erro, no cálculo de pasar o complemento de produtividade e específico, e hai unha retirada dunha amortización de prazas e que supón, entre non amortizacións e os complementos que se teñen que corrixir, un orzamento de 150.000 euros. En principio, ese diñeiro tería que amortizarse coa partida que estaba destinada para o Plan de emprego deste ano, dos 350.000 euros, porén, por parte da Corporación faise un esforzo, e coas economías que se producen do mes de xaneiro e febreiro vanse realizar estas alegacións, que é un punto moi importante. Espero que a partir de aquí se constitúa a Mesa de Seguimento do Plan e se faga efectivo ao longo deste ano e de 2007 a maior parte del e despois o tempo dirá como este Plan de emprego realmente vai marcar, como se dixo en decembro, un antes e un despois no funcionamento da deputación. Moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Bello Costa

Non quería deixar pasar a ocasión para testemuñar que o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego coincide coa súa intervención e subscribe en todos os seus termos a súa intervención, pero tamén, dado a particularidade de ser o presidente dunha das áreas que está en discusión, gustaríame comentar algunha cuestión, xa sei que coa súa recomendación de ser breve.

En principio, onde o Sr. Rodríguez e o Partido Popular ve esas cautelas, que ademais, loxicamente, parecen mesmo correctas, eu diríalle que o documento elaborado, o informe elaborado por Secretaría Xeral eu penso que tranquiliza e dá respostas xurídicas a esas inquiredanzas, e como podemos ler literalmente, di que as previsións do Plan de emprego non coliden para nada co contido do Regulamento de Asistencia, o que si pasa é que 18 anos despois de posta en vigor unha Asistencia a

Municipios, nós optamos por unha adaptación que entendemos que non afecta á estrutura do Servizo de Asistencia a Municipios, na medida en que, como di o Sr. secretario, e que nós compartimos, non vai provocar ningunha confusión, nin para os concellos usuarios nin para outros terceiros sobre o procedemento, que non cambia ademais, para solicitar asistencia, nin sobre as persoas responsábeis de a prestar.

Polo tanto, como vostede mesmo dicía, non solicitamos ningún cheque en branco de confianza, senón unicamente, e eu tamén acepto que, pasado un certo tempo, indubidablemente todos os grupos políticos temos que avaliar o novo funcionamento. Desde esa perspectiva, tranquilidade, o Servizo vai estar, como viña até agora funcionando, coa mesma dilixencia e coa mesma eficiencia e eficacia, e polo tanto, esa garantía.

Se o Partido Popular considera que estas explicacións, ou estas intervencións, non só políticas, senón tamén técnicas, non son suficientes, manterá indubidabelmente a súa abstención, senón eu solicitaríalle o seu voto favorábel. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Realizar no acordo plenario do 01/12/2005, que aprobou o Plan de emprego (2006-2009), cadro de persoal e relación de postos de traballo 2006, as correccións que figuran a continuación:

-No Título I:

- Páx. 3, onde di : “Créase unha Sección de Normalización Lingüística”, debe dicir : “Créase unha Unidade de Normalización Lingüística”.

- Páx. 8, Servizo de Xestión de Plans, onde di: “Adscríbense 2 prazas de auxiliar administrativo á Sección de Formación do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos” debe dicir: “ Adscríbense 2 prazas de auxiliar administrativo ao Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos”.

- Páx. 13 , Servizo de Enxeñería e Mantemento, debe engadirse: “ Adscribirase ao Servizo, a praza de oficial de carpintaría, do Calvo Sotelo”.

- Páx. 20, Pazo de Mariñán, deberá incluírse: “Amortízase unha praza de camareira funcionaria”, tal e como aparece no cadro de persoal e relación de postos de traballo.

- Páx. 26, nas dúas prazas de técnicos de organización, incluír nas titulacións: licenciado en dereito, económicas, políticas ou empresariais, intendente mercantil ou actuario.

-Nos organigramas :

-Incluír o organigrama de Tesourería , que se omitira por erro.

-No esquema do Servizo de Fomento, incluír: “Os Servizos Xerais do Centro Educativo Calvo Sotelo”.

- No Servizo de Recadación, o coordinador de xestión recadataria aparece como A/B/C, e deberá figurar como B/C, tal e como figura na relación de postos de traballo.

-No Servizo de Xestión Tributaria, as xefaturas de Negociado deben figurar como grupos B/C.

-No Parque Móbil, o xefe e subxefe deben figurar como D.

-No Servizo de Asistencia a Municipios, onde aparece: “arquitecto ou enxeñeiro técnico”, debe figurar : “arquitecto técnico”.

-En Intervención, a secretaria C, debe figurar como secretaria B/C.

-No Gabinete de Presidencia, a xefatura de Negociado debe figurar como B/C.

-Na Imprenta, unificanse as denominacións coas que figuran na RPT.

-Na Biblioteca e Arquivo, engadir un axudante de arquivo e biblioteca.

-Na Secretaría Xeral (Asesoría Xurídica), suprimir ”adscripción provisional” na praza de auxiliar.

-Na relación de postos de traballo:

Nos Servizos Técnicos de Vías e Obras, o posto de enxeñeiro adxunto, aparece cun complemento específico de 23.297,31 €, e deberá figurar 21.254,22 €. No Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea, o posto de técnico de xestión de proxectos aparece cun complemento específico de 7.570,61 €, e deberá figurar 7.035,88 €.

No Fogar Infantil “ Emilio Romay” o posto de psicólogo aparece cun complemento específico de 4.077,42 €, e deberá figurar 3.318,23 € e o posto de director aparece cun complemento específico de 7.180,13 €, e deberá figurar 6.636,39 €. Nos postos de celador/a aparecen “19 en extinción”, e deberá figurar “15 en extinción”.

No Servizo de Asistencia a Municipios o xefe de Servizo de Asistencia Económica aparece cun complemento específico de 25.368,70 € e deberá figurar 29.650,91 €.

No Servizo de Informática, o posto de monitor técnico aparece cun complemento específico de 4.692,03 €, e deberá figurar 4.637,89 €.

En Tesourería, o posto de xefe de Negociado de Ingresos, aparece cun complemento específico de 7.180,13 €, e deberá figurar 8.027,18 €.

Os postos de técnico de biblioteca e arquivo, técnico de normalización lingüística e técnico de políticas de igualdade, aparecen cun complemento específico de 7.180,13 €, e deberá figurar 6.636,39 €.

No Pazo de Mariñán deben figurar os postos de operario agrícola “en extinción”.

Na Biblioteca e Arquivo, suprimir nas prazas de auxiliar “A3-1”.

2). Estimar, en consideración aos argumentos expostos nelas, as alegacións seguintes:

As formuladas pola directora do Instituto de Ensino Secundario(IES) “Rafael Puga Ramón” e D^a Ana Veiga Tojeiro, en relación á amortización dunha praza de subalerno (funcionaria) e outra de mozo de servizo axudante (laboral), manténdose as dúas prazas nos organigramas, cadro de persoal e relación de postos de traballo (RPT) de 2006.

As formuladas pola directora do IES “Rafael Puga Ramón” e D^a M^a Socorro Rodriguez-Monet e D. José Luis Fernández Peteira, en relación ás prazas de profesor de ensino secundario, de nova creación, deberá figurar no organigrama unha praza menos de profesor de Filosofía e unha praza máis de profesor de Música.

As formuladas pola directora do IES “ Rafael Puga Ramón” e D. José F. Vicente Rodríguez, en relación ás titulacións para acceder ás prazas de profesor de secundaria, deberá figurar na RPT: “ licenciado superior especialista ou equivalente para efectos de docencia”.

A formulada pola xefa da Sección de Actas, Rexistro e Información, en relación ao número de auxiliares da Sección, deberá figurar 8 e no Servizo de Recadación deberán figurar 10 tanto na RPT coma nos organigramas correspondentes.

As formuladas polo reitor do Centro Calvo Sotelo, o director do IES Calvo Sotelo, D^a Concepción Novo Pérez, D^a M^a Josefa Sánchez Seijas e D^a M^a José Piñeiro Varela, en relación á amortización dunha praza de subalterna (funcionaria) e dúas prazas de costureiras (funcionarias), manteranse as ditas prazas no cadro de persoal e RPT de 2006.

A formulada por D^a Teresa Zas Rey, en relación ao cambio de denominación do seu posto de traballo a “operaria auxiliar de internado”, manterase a denominación anterior nas dúas prazas de operaria de servizos varios.

As formuladas por todas as traballadoras do Fogar Infantil ”Emilio Romay” en relación á amortización dunha praza de celadora (funcionaria) e unha praza de operaria de

servizos varios (funcionaria), manteranse ambas as dúas prazas no cadro de persoal e RPT de 2006.

As formuladas por D^a Hilda García López, D. Juan F. González Framil e D. Gerardo Ulfe Calvo en relación ao complemento específico dos técnicos de xestión de administración especial do Servizo de Asistencia a Municipios e da Sección de Presupostos onde aparece a cantidade de 5.690,75 € , deberá figurar 5.830,92 €. En canto á titulación esixida para optar ás ditas prazas deberá figurar a 9. En canto á relativa á súa adscrición definitiva desestímase, ao establecerse no propio Plan de emprego (título VII) que os procesos de adscricións definitivas realizaranse despois da negociación sindical previa.

A formulada pola gobernanta do Pazo de Mariñán en relación a un erro no organigrama no que aparecen cambiados os nomes dunha camareira e unha axudante de cociña e rectificanse estes.

A formulada pola xefa do Servizo de Xestión de Plans e Infraestruturas, en canto á denominación do Servizo e as xefaturas de Sección e Negociado, pasará a denominarse “Servizo de Xestión de Plans” e manter a denominación das xefaturas de Sección e Negociado de Plans Provinciais, queda pendente de estudo a creación dunha praza de administrativo no Servizo.

A formulada polo xefe do Servizo de Xestión Tributaria e a xefa do Servizo de Inspección Tributaria, relativa á unificación, nunha unidade, da tramitación dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, continuando, polo momento, a tramitarse por cada Servizo os expedientes que teñan asignados co actual modelo de funcionamento. O resto das alegacións do Servizo de Inspección Tributaria ao referírense a aspectos económicos estudaranse cando se leve a cabo a valoración de postos de traballo. En canto á alegación do Servizo de Xestión Tributaria relativa á información e asistencia ao obrigado tributario, desestímase, sen prexuízo de que se adopten acordos ou resolucións complementarias para a posta en marcha da Sección integrada, así como o necesario período transitorio até a implantación do novo aplicativo informático, continuando, até ese momento, a prestarse a información e asistencia ao obrigado tributario por cada Servizo.

A formulada por D^a Rosario Berea Ruiz, transformándose a praza de contábel-administrativo (laboral) nunha praza de administrativo (funcionario), figurando na RPT a dita praza ocupada por contábel-administrativo laboral.

A formulada polo técnico de Prevención de Riscos Laborais en relación a que no organigrama apareza unha Unidade de Prevención de Riscos Laborais, pero desestimar a relativa ao nivel de complemento de destino e dependencia do posto de traballo ao entrar isto dentro das potestades de autoorganización e respectarse, en todo caso, as retribucións do interesado, ao ter consolidado o grao persoal (nivel 28) e manterse a contía das restantes retribucións.

A formulada pola xefa de Sección de Servizos Sociais no relativo ao cambio de denominación do técnico de políticas de igualdade, pasará a denominarse “técnico de políticas de igualdade e políticas públicas”.

A formulada polo xefe de Servizo de Informática no relativo á titulación para optar ao posto de xefe de Servizo, determináronse na RPT as de enxeñeiro superior, licenciado en Informática e licenciado en Ciencias Físicas.

O custo económico destas modificacións financiarase con cargo ás economías existentes até a data, por prazas que están vacantes na actualidade.

3). Desestimar as alegacións presentadas por D. Manuel García Nieto, D. Carlos Otero Piñeiro, D^a Raquel Montes Grela, D. José L. Rodríguez Seoane, D^a M^a Inés Dorado Fernández, D^a M^a del Carmen Rodríguez Martínez, D^a Isabel M^a Souto Zas, D. Aurelio Dasilva Calvelo, D^a M^a Dolores Pita da Veiga Vázquez, D. Vicente Calvo del Castillo e D^a Mónica Pérez Ferreiro, ao solicitaren incrementos dos conceptos retributivos, posto que, todo iso deberá realizarse a través das canles correspondentes de definición de funcións e valoración de postos de traballo, logo da negociación colectiva previa, determinándose neste momento se as funcións e contido do posto, o nivel de dificultade, de responsabilidade, de dedicación, de penosidade etc. sufriron modificación que xustifique un incremento retributivo por riba do incremento fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado.

4). Desestimar as alegacións presentadas por D^a M^a José Cartamil García, D. Manuel García Nieto, D^a Isabel Diéguez Pereiro, D^a Amalia Grandal Sanesteban, D. Vicente Calvo del Castillo, D^a Ana M^a Moreira Fernández e outros, D^a Elisa Fernández Esteller e outra, D^a M^a Jesusa Serrano Regueiro e outros, D. Manuel Mariño Blanco, D^a Sagrario Liaño Pedreira, D^a Mónica Pérez Ferreiro, D^a Rosa Ana Llago Bouza, D^a M^a Carmen Barral Paz, D^a M^a Isabel Lamas Hermida, D^a Adelina Rocha Barro, D^a Ofelia Martínez Martínez, D^a M^a Rosa Ana López Nores, D^a Josefa Saavedra Rodríguez, D^a Flora Pérez Santamariña, D^a Carmen Leal García, D^a M^a Milagros Fernández Piñeiro e D^a Cristina Leira Garabana, ao referírense todas elas a cuestións organizativas e a Corporación, con base á súa potestade organizativa, considerou que é a estrutura máis conveniente.

5). Estimar as alegacións formuladas polas centrais sindicais da CIG, UXT e de CCOO en canto ao mantemento das seguintes prazas:

1 de subalterno e 1 de mozo de servizo axudante do IES “ Puga Ramón”

1 de subalterno e 2 de costureiras do Centro “ Calvo Sotelo”.

1 de celadora e 1 de operaria de servizos varios do Fogar Infantil “ Emilio Romay”.

Desestimar o resto delas ao tratárense de cuestións relativas á potestade de organización da Corporación.

6). Aprobado definitivamente o Plan de emprego, cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2006, que figura a continuación, con efectos do 01/03/2006.

7) Dar traslado do cadro de persoal e relación de postos de traballo definitivamente aprobadas á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

PLAN DE EMPREGO DA EXCMA.DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A finalidade dos Plans de emprego, tal e como sinala na súa Exposición de Motivos, a Lei 22/1993, do 29 de decembro, de medidas fiscais, de reforma do réxime xurídico da función pública e da protección do desemprego, é articular medidas que, a partir da racionalización e axuste da estrutura das organizacións administrativas, melloren o rendemento dos recursos humanos da Administración pública, sometendo a súa planificación e xestión a procesos dotados de maior axilidade e eficacia, optimizando os custos de persoal.

Ao mesmo tempo, configura os Plans de emprego como instrumentos esenciais para a presentación global das políticas de recursos humanos das distintas organizacións administrativas e que tratan de adecuar o mercado interno de traballo ás necesidades reais da propia administración co fin de incrementar a súa eficacia.

Constitúen os Plans de emprego un instrumento de planificación e ordenación da función pública, para facer posíbel a aplicación dos principios de eficacia, eficiencia e responsabilidade.

Tal e como establece o Acordo administración e sindicatos para a modernización e mellora da Administración pública, dentro das medidas dirixidas a aumentar a eficacia e a calidade na prestación dos servizos públicos, está a planificación dos recursos humanos, a través dun diagnóstico global da situación dos recursos humanos que permita deseñar políticas de emprego máis acordes coas necesidades da administración e avanzar na mellora dos servizos públicos.

Este diagnóstico realizarase sobre a base das orientacións seguintes: satisfacer as necesidades de efectivos das áreas prioritarias e dirixir os fluxos de persoal cara estas; adaptar as relacións de postos de traballo ás necesidades de efectivos; distribuír os efectivos de acordo co reparto real de funcións e cargas de traballo e orientar a mobilidade e o ingreso para servizos prioritarios.

Un paso do proceso de racionalización é, xa que logo, facer un diagnóstico global da situación dos recursos humanos adaptando a estrutura organizativa das distintas unidades e servizos da deputación ás necesidades actuais, posto que desde o ano 1986 non se levou a cabo un estudo global do cadro de persoal, limitándose ao longo destes anos as distintas Corporacións, á aprobación de modificacións puntuais do cadro de persoal e relación de postos de traballo.

É por iso, polo que se someten á aprobación do Pleno da Corporación os novos organigramas das distintas unidades administrativas, adaptándose o dimensionamento de cada unha delas á situación actual.

Consígnase unha cantidade no Orzamento de 2006, destinada á reorganización destas unidades e reclasificacións de postos de traballo, comprometéndose a Corporación a estudar as áreas que quedaron pendentes.

Dentro das medidas que se han tomar está potenciar o Servizo de Recursos Humanos, transformando o anterior Servizo de Persoal nun Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, dotándoo de máis efectivos e creando unha Sección específica destinada a planificar, racionalizar o cadro de persoal e relación de postos de traballo, seleccionar ao persoal, así como á negociación e relacións laborais e sindicais. Ao mesmo tempo intégranse neste Servizo as unidades de Prevención de Riscos Laborais e a de Formación do Persoal, co fin de realizar unha xestión integral dos recursos humanos .

En canto aos Servizos Tributarios, e tendo en conta que a deputación debe prestar asistencia e apoio técnico, xurídico e económico aos concellos, destacando o ámbito tributario pois gran parte dos concellos terían dificultades para xestionar os seus tributos, lévase a cabo unha reorganización, pretendéndose con esta reestruturación, prestar o servizo coa máxima calidade aos concellos.

No momento actual, está en marcha o proxecto de implantación dunha aplicación informática integrada da área tributaria da deputación. Como consecuencia desta integración informática, faise necesaria a integración e reorganización dos Servizos de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección Tributaria, e unha reestruturación das distintas zonas de recadación.

Propónse tamén, dentro das medidas de racionalización, a unificación das dúas Asesorías Xurídicas existentes na actualidade, a interna e a destinada ao asesoramento dos concellos, por razóns de operatividade.

Créase unha Unidade de Normalización Lingüística, deixando de depender organicamente da Sección de Actas, as tradutoras de galego, ao asumir a nova unidade máis competencias que a de tradución de actas, competencia que tiñan no momento da creación das prazas, pero que resulta insuficiente no momento actual.

Tamén se adaptaron as estruturas dos centros dependentes da deputación; así, en canto aos centros docentes (Instituto de Educación Secundaria “ Rafael Puga Ramón” e Instituto de Educación Secundaria “ Calvo Sotelo”) e o Conservatorio de Danza créanse no cadro de persoal aquelas prazas de profesores que son necesarias, co fin de evitar a contratación laboral temporal que ano a ano se viña realizando.

Como recolle o mencionado acordo administración-sindicatos, a administración comprométese a adoptar as medidas necesarias para a consolidación do emprego temporal.

Preténdese, a través deste Plan de emprego, reducir a contratación laboral temporal, creándose no cadro de persoal non samente as prazas de profesores mencionadas, senón tamén aquelas prazas que se detectan como unha necesidade permanente e non responden a unha necesidade puntual como pode ser unha acumulación de tarefas ou a contratación para a realización dunha obra ou servizo determinado.

En canto aos Fogares Infantis, lévase a cabo a adaptación do cadro de persoal á normativa vixente, ao esixírense na actualidade unhas determinadas titulacións e cualificacións para a atención e coidado de menores que non eran necesarias hai uns anos, creándose no cadro de persoal prazas de educador, educador titor e auxiliar educador.

Créase tamén a praza de director do Fogar Infantil “Emilio Romay”, ao ser necesaria ante a retirada da comunidade relixiosa.

Os Plans de emprego configúranse como ferramentas xurídicas esenciais para a planificación global das políticas de persoal, permitindo unha reordenación do persoal, para o adaptar ás necesidades reais da propia administración coa finalidade de incrementar a eficacia. Neste contexto, regúlanse medidas encamiñadas a situaren os efectivos de persoal dispoñíbeis nas áreas necesitadas con outras medidas en materia de provisión de prazas que permitan maior flexibilidade.

Estabéllese o carácter residual das Ofertas de Emprego Público, que durante a vixencia do Plan de emprego, recollerán aqueles postos que non poidan cubrirse cos efectivos desta deputación, potenciándose os procesos de reclasificación, reasignación, readscripción e redistribución de efectivos así como a promoción interna, como instrumentos para incrementar os niveis de integración e motivación.

A promoción interna, ademais dun dereito dos funcionarios públicos, constitúe unha ferramenta que a administración debe utilizar para aproveitar todo o potencial que os empregados públicos van adquirindo ao longo da súa vida administrativa para desenvolveren funcións correspondentes aos grupos de clasificación superiores.

Esta decisión determina a necesidade de realizar procesos de cualificación e especialización do persoal, que obriga a pór en marcha programas de formación que permitan dotar aos traballadores da cualificación necesaria para afrontar os novos cometidos.

A Corporación fomentará ao máximo a promoción interna ao non existir, na Lei de medidas da reforma da función pública o límite do 50% das prazas vacantes, que establecía o art.22 na súa redacción inicial e que foi suprimida na reforma operada pola Lei 23/1988.

Serán obxecto de negociación cos representantes sindicais, as bases das distintas convocatorias para a provisión das prazas mediante promoción interna, establecéndose que, como regra xeral, utilizarase como sistema selectivo o concurso-oposición.

A formación dos empregados públicos constitúe un instrumento capital para a mellora da prestación profesional, para o aumento da calidade na prestación dos servizos públicos e para acrecentar o sentido do servizo aos intereses xerais.

A formación deberá ser pois, un elemento esencial no proceso de racionalización do funcionamento da deputación, incrementando a motivación dos traballadores e un mecanismo indispensable para facer posíbel a mobilidade e promoción profesional.

Contéplase a celebración de cursos de formación para o persoal que concorran aos procesos de selección para a provisión de prazas por promoción interna, os ditos cursos realizaranse fóra do horario laboral, tratándose de conciliar a familiar familiar e laboral.

Outra das medidas que se inclúen neste Plan de emprego, é a transformación de gran número de prazas de auxiliar administrativo, que se están vacantes neste momento e as que resulten vacantes unha vez realizada a promoción interna, en prazas de

administrativo, tratando de conseguir unha maior proporción entre as prazas destas dúas categorías, posto que isto contribúe, dun lado, a elevar a cualificación profesional dun gran número de empregados que conforman a columna vertebral da organización e, doutro, configúrase un indubidábel instrumento de motivación e incentivación dirixido ao colectivo de auxiliares.

Funcionarízanse aquelas prazas que por disposición legal deben ser desempeñadas por funcionarios, como as de administrativo do Servizo de Recadación, as de auxiliar administrativo da Sección de Promoción Económica, Instituto” Calvo Sotelo”, a Biblioteca provincial e o Fogar Infantil de Ferrol, e os profesores dos Centros Docentes e do Conservatorio de Danza, prazas que aparecerán na relación de postos de traballo como ocupadas con persoal laboral.

